



CONCELLO DE VIGO

Expte.1705 /1102

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 5 de XULLO de 2024

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a M^a José Caride Estévez
D. Angel Rivas González
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a Elena Espinosa Mangana
D^a. Ana M.^a Mejías Sacaluga

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas e cinco minutos do día cinco de xullo de dous mil vinte e catro e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Goberno Local, Sra. Gallardo Fariña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(502).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbase a acta da sesión ordinaria e extraordinaria e urxente do 28 de xuño de 2024. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(503).- DAR CONTA DAS SENTENZAS E OUTRAS RESOLUCIÓNS XUDICIAIS QUE RESOLVEN PROCEDEMENTOS. EXPTE. 17365/111.

Dáse conta do informe-proposta de data 25/06/2024, asinado pola letrada titular de Asesoría Xurídica municipal e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Tiveron entrada na Asesoría xurídica as seguintes resolucións xudiciais:

A) RESOLUCIÓNS DITADAS NA ORDE XURISDICIONAL CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVA

1.- Contencioso

Tribunal Supremo, Sala do Contencioso-Administrativo

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Desestimación presunta. Gratificacións e RPA por dano moral (Bombeiros)

Contía: Indeterminada superior a 30.000 €

| Núm. Documento RRHH | Ref. 111 | RCA-PO orixe | Núm. Sentenza (data) XCA 1 Vigo | Data reclamación considerado na sentenza | Período cómputo considerado na sentenza | Núm. Recurso Casación | Decreto TS que acepta a desistencia obxecto de comunicación |
|---------------------|-----------|--------------|---------------------------------|--|---|-----------------------|---|
| 200171659 | 13097-111 | 244/2020 | 111 (05/07/2021) | 18/11/2019 | Novembro 2015-Decembro 2020 | 2713/2024 | 16/05/2024 |
| | 16174-111 | | | | | | |
| 200156830 | 13000-111 | 185/2020 | 99 (01/07/2021) | 31/10/2019 | Outubro 2015-Decembro 2020 | 805/2024 | 23/05/2024 |
| | 15722-111 | | | | | | |
| 200156808 | 13010-111 | 190/2020 | 101 (01/07/2021) | 31/10/2019 | Outubro 2015-Decembro 2020 | 96/2024 | 23/05/2024 |
| | 15416-111 | | | | | | |
| 200156904 | 13004-111 | 194/2020 | 102 (02/07/2021) | 31/10/2019 | Outubro 2015-Decembro 2020 | 2556/2024 | 23/05/2024 |
| | 15249-111 | | | | | | |
| 200176015 | 13153-111 | 242/2020 | 110 (02/07/2021) | 20/11/2019 | Novembro 2015-Decembro 2020 | 1709/2024 | 23/05/2024 |
| | 16117-111 | | | | | | |
| 200262930 | 13306-111 | 327/2020 | 117 (05/07/2021) | 22/11/2019 | Dende novembro 2015 | 804/2024 | 23/05/2024 |
| | 15713-111 | | | | | | |

Dase conta dos Decretos do TS nos que se acepta a desistencia dos recursos de casación contra as sentenzas do TSXG que inadmitían os seus recursos de apelación contra as sentenzas do Xulgado Contencioso Administrativo núm. 1 de Vigo que resolveron desestimar as reclamacións de responsabilidade patrimonial e unicamente estimar parcialmente as solicitudes relativas ás gratificacións extraordinarias formuladas por varios recorrentes pertencentes ao SPEIS e que non tiveran resolución expresa en vía administrativa. De acordo coas devanditas sentenzas ditadas polo Xulgado do Contencioso Administrativo núm. 1 de Vigo, deben aboarse as diferencias retributivas resultante de calcular o importe da gratificación por hora extraordinaria c incluíndo a parte proporcional das pagas extraordinarias, considerando aplicable o criterio fixado pola STSXG do 22 de xuño de 2020 (recurso de apelación 465/2019), pero “descontadas el número de horas de exceso retribuidas en las nóminas conforme al CE factor XI relativo al exceso de la jornada



CONCELLO DE VIGO

Expte.1705 /1102

anual (219 h)" desde a data de reclamación e polo período que figuran no propio fallo da sentenza.

2.- Contencioso.

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Execución Provisional de sentenza (Gratificacións por exceso de xornada-SPEIS)

| Ref. Asesoría Xurídica | Núm. Recurso Apelación | Núm. Sentenza | Data Sentenza | Procedemento de orixe (XC-A nº 2 Vigo) |
|------------------------|------------------------|---------------|---------------|--|
| 16736/111 | 97/2024 | 377 | 23/05/2024 | Ex. Provisional 47/2023 (PO 194/2020) |
| 16737/111 | 98/2024 | 404 | 29/05/2024 | Ex. Provisional 45/2023 (PO 329/2020) |
| 16959/111 | 144/2024 | 355 | 15/05/2024 | Ex. Provisional 44/2023 (PO 324/2020) |

Sentenzas do TSXG polas que se desestiman os recursos de apelación interpostos por traballadores municipais do SPEIS contra autos do XC-A núm. 2 de Vigo, ditados en procedementos de execución provisional (gratificacións por exceso de xornada SPEIS), por canto non procede acceder ao solicitado de que para determinar o valor da hora ordinaria de traballo non deba acudirse á formula da DT 6ª, regra 3, do Acordo Regulador do Concello de Vigo, por tratarse dunha disposición que non está vixente, e que o valor hora ordinaria de traballo deba determinarse dividindo o salario bruto anual do demandante polas 1642 horas que comprende a súa xornada anual. Sen custas. Contra estas sentenzas cabe recurso de casación.

Darase traslado destas resolucións ao servizo xestor e ao servizo de RRHH para o seu coñecemento.

3.- Contencioso. Expediente nº 16775/111

Sentenza nº 84 do 25 de abril de 2024

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 385/2023

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Resolución desestimatoria de recurso de reposición formulado contra outra sobre pagamento das horas realizadas para reforzo de servizos fóra da xornada laboral en Educación

Expte(s): 42590/220

Contía: Indeterminada

A sentenza, firme, desestima o recurso, ao considerar que o cálculo da compensación económica dos servizos extraordinarios realizado polo Concello en vía administrativa é correcto; sen que sexan de aplicación os cálculos alternativos que propón o recorrente.

Dito calculo é o que se axusta ao establecido no Acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores do Concello de Vigo; sen prexuízo de que se indique polo Xulgador que se bota en falta unha actualización do seu contido.

Ten que coñecer o resolto o departamento de RRHH.

S.ord. 05/07/2024

4.- Contencioso. Expediente nº 16695/111
Sentenza nº 82 do 2 de maio de 2024
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Abreviado: 347/2023

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal
Obxecto: Resolución do 16/09/2023 desestimatoria do recurso de reposición formulado contra a aprobación da lista definitiva de admitidos e excluídos para a provisión da praza de Programadora/Programador de Informática na quenda de promoción interna
Expte(s): 41019/220

A sentenza estima o recurso con fundamento na normativa sobre función pública (estatal e autonómica) aplicable e con traslado ao suposto concreto, efectuando unha razoada valoración da proba documental para considerar que resulta acreditado a través de acto administrativo que o demandante desenvolveu funcións de persoal funcionario.

Fronte a dita sentenza solicitouse por esta parte unha corrección de erros por canto se indicaba que era firme e isto non era correcto. Aclaración que foi estimada por Auto de 9 de maio de 2024.

Contra dita sentenza, xa firme, non se formulou recurso de apelación por considerar tanto por parte da Asesoría Xurídica como polo departamento de RRHH (informe coa conformidade da Concelleira de Área de 25/26 de maio de 2024) que non existen motivos xurídicos que fundamenten a súa interposición.

Debe coñecer e executar o resolto o departamento de RRHH.

5.- Contencioso. Expediente nº 16872/111
Sentenza nº 350 do 7 de maio de 2024
TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1
Recurso de apelación: 92/2024

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal
Obxecto: Resolución do 31/05/2023 da Concelleira-Delegada da Área de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal, desestimatoria do recurso de reposición formulado contra outra resolución do 03/04/2023 que desestimou o recoñecemento de grao persoal co C.D. 22, polo período no que ocupou o posto de Oficial da Policía Local dende o 17/06/2019 ata o 15/09/2022
Expte(s): 41700/220
Contía: Indeterminada

A sentenza ditada en apelación desestima o recurso interposto polo recorrente ao considerar, de conformidade coa normativa que se cita, que o persoal nomeado en prácticas non ten a condición de funcionario xa que o período de prácticas é unha fase do proceso selectivo. Tampouco é equiparable aos funcionarios interinos xa que estes si teñen a condición de empregado público.

Polo que aos efectos de consolidación do grao persoal non pode computarse o período de tempo de prácticas e polo tanto non transcorreu o prazo esixido de 2 anos.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1705 /1102

Debe coñecer o resolto o departamento de RRHH

Procedemento de orixe:

RC-A nº 257/2023 PA XC-A nº 2 Vigo, Sentenza nº 279 de 21/12/2023, desestimatoria, comunicada na sesión da XGL do 16/02/2024

6.- Contencioso. Expediente nº 17045/111

Sentenza nº 363 do 15 de maio de 2024

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1

Recurso de apelación: 132/2024

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Resolución do Concello de Vigo do 18/09/2023, desestimatoria de recurso de reposición formulado contra a aprobación da RPT do 2023, no relativo á asignación do C.E. no posto de Diplomada en Traballo Social na Área de Benestar Social

Expte(s): 40934/220

Contía: Indeterminada

Sentenza do TSXG pola que se desestima o recurso de apelación formulado por traballadora municipal (traballadora social) contra a sentenza ditada polo XCA núm. 2 de Vigo, pola que foi rexeitada a súa pretensión consistente na equiparación do CE do posto de traballadora social de CEDRO co posto de traballadora social de servizos comunitarios.

A STSX establece que para que prospere a reclamación da actora resulta imprescindible que se acredite que son idénticas as condicións de perigosidade e penosidade nas que a recorrente presta os seus servizos respecto a CEDRO, esixido polo principio de igualdade retributiva e pola xurisprudencia. Na sentenza rexéitanse tamén os argumentos de índole formal alegados pola actora.

Sen custas. Cabe recurso de casación.

Darase traslado desta resolución ao servizo de RRHH para o seu coñecemento.

Procedemento de orixe:

RC-A nº 349/2023 PA XC-A nº 2 Vigo, Sentenza nº 41 de 20/02/2024, desestimatoria, comunicada na sesión da XGL do 08/03/2024

7.- Contencioso. Expediente nº 16955/111

Auto nº 33 do 2 de maio de 2024

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 47/2024

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Desestimación, por silencio administrativo, de reclamación de RPA polos danos sufridos por mor dun accidente de circulación cando circulaba coa motocicleta pola Praza de Eugenio Fadrique

Expte(s): 6596/243

O Auto, firme, declara concluso o procedemento por carencia sobrevida de obxecto ao terse ditado resolución expresa que estima a reclamación de responsabilidade patrimonial e ademais consta abonada por ALLIANZ SEGUROS a cantidade indemnizatoria.

Debe coñecer o resolto o departamento de Patrimonio- RPA.

8.- Contencioso. Expediente nº 16472/111

Sentenza nº 84 do 3 de maio de 2024

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 315/2023

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Desestimación, por silencio administrativo da reclamación de RPA, polos danos sufridos por mor dun accidente de circulación da Avda de Madrid nº 215.

Expte(s): 7033/243

A sentenza estima o recurso presentado contra a resolución que declarou a inadmisibilidade da reclamación de responsabilidade patrimonial por falta de lexitimación pasiva de 30/11/2023 e condena ao Concello ao abono de 728,32 euros polos danos materiais (vehículo) e 1.535,53 euros polas lesións sufridas por unha das ocupantes, cos xuros legais desde a data da reclamación administrativa (21/03/2023).

O fundamento para imputar a responsabilidade á Administración municipal reside na titularidade municipal do vial de servizo segundo o oficio do Ministerio de Fomento, unidade de estradas en Pontevedra.

A sentenza, que é firme, impón as custas á Administración demandada co límite de 200 euros. Foi presentado incidente extraordinario de nulidade en base ao informe do Delineante do Inventario.

Debe coñecer o resolto o Servizo de Patrimonio.

9.- Contencioso. Expediente nº 16837/111

Sentenza nº 91 do 10 de maio de 2024

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 9/2024

Demandante/Recorrente: Asociacións e entidades similares

Obxecto: Desestimación presunta, por silencio administrativo, de reclamación de RPA polos danos ocasionados por mor das filtracións de auga no garaxe.

Expte(s): 7067/243

Sentenza pola que se desestima o RC-A interposto contra a desestimación presunta da reclamación patrimonial presentada pola comunidade propietaria polas filtracións advertidas nos garaxes do edificio sito en Avda. Camelias 114, solicitando 250 euros polos danos padecidos e a condena á Administración á impermeabilización da escaleira de uso público que linda en superficie co garaxe.

A sentenza se fundamenta en que a pesar do esforzo probatorio da parte actora, non pode considerarse acreditada a relación causal, xa que é tarefa da parte demandante probar que os danos reclamados se ocasionaron polo funcionamento dun servizo público e a deman-



CONCELLO DE VIGO

Expte.1705 /1102

dante parte aquí dun suposto fáctico non demostrado consistente en que se producen filtracións dende a escaleira de uso público polo seu mal estado de conservación municipal.

Dise na sentenza que resulta revelador o Informe Pericial da aseguradora do Concello do que se desprende que a filtración procede dun elemento estrutural do propio edificio polo que é deber da Comunidade proceder á súa reparación, xa que non se aprecian plaquetas levantadas, nin partidas, nin acumulación vexetal no pavimento.

A sentenza é firme, sen imposición de custas.

Darase traslado da mesma ao servizo de Patrimonio para o seu coñecemento.

10.- Contencioso. Expediente nº 16871/111

Sentenza nº 97 do 11 de maio de 2024

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 24/2024

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: Desestimación por silencio administrativo, da reclamación de RPA polos danos ocasionados ao vehículo, ao ser golpeado cando circulaba pola rúa Cánovas del Castillo, por un contedor do lixo desprazado polo vento.

Expte(s): 7111/243

Contía: 300,00 €

A sentenza desestima o recurso interposto contra a desestimación presunta, ampliado posteriormente á resolución expresa desestimatoria da reclamación de responsabilidade patrimonial polos danos que un colector de lixo ocasionou ao vehículo do reclamante.

No fundamento xurídico primeiro a sentenza concreta o concepto da forza maior como causa exoneradora da responsabilidade da Administración debe ser acreditada pola Administración e caracterízase polas notas de imprevisibilidade, inevitabilidade e orixe estraño ao ámbito de actuación do axente, citando numerosas sentenzas que concretan o concepto, considerando que non concorre no presente caso.

No fundamento xurídico segundo motiva a desestimación da reclamación nas numerosas dúbidas e contradicións que xera o relato fáctico do reclamante.

A sentenza, que é firme, non contén pronunciamento en custas.

Debe coñecer o resolto o Servizo de Patrimonio, en particular no relativo a invocación da Forza Maior como causa exoneradora da responsabilidade patrimonial.

11.- Contencioso. Expediente nº 17156/111

Auto nº 36 do 13 de maio de 2024

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 90/2024

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Inactividade relativa a execución da resolución do 02/03/2021 estimatoria de reclamación de RPA polos danos ocasionados en vehículo ao impactar contra un contedor de lixo sito na rúa Ponte da Veiga nº 15
Expte(s): 6053/243

O Auto, firme, declara rematado o procedemento ao terse recoñecido en vía administrativa a pretensión indemnizatoria formulada nun expediente de responsabilidade patrimonial.

Debe coñecer o resolto o departamento de Patrimonio-RPA.

12.- Contencioso. Expediente nº 16866/111
Sentenza nº 93 do 13 de maio de 2024
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Abreviado: 25/2024
Demandante/Recorrente: Empresa
Obxecto: Resolución de 30/11/2023 que estima parcialmente a reclamación de RPA formulada o 04/10/2021
Expte(s): 6570/243
Contía: 8.660,41 €

A sentenza, firme, desestima o recurso interposto pola UTE Zonas Verdes de Vigo contra a resolución municipal de declaración da súa responsabilidade nun expediente de reclamación de danos por ser consecuencia dunha varanda que se rompeu e que era a súa obriga manter nas debidas condicións en virtude das estipulacións do contrato de servizos co Concello de Vigo.

Debe coñecer o resolto o departamento de Patrimonio-RPA.

13.- Contencioso. Expediente nº 16814/111
Sentenza nº 96 do 14 de maio de 2024
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Abreviado: 12/2024
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Desestimación por silencio administrativo de reclamación de RPA polos danos producidos polo impacto dun contedor de lixo sito na Avda. de Gregorio Espino nº 81, cando circulaba co vehículo
Expte(s): 7113/243
Contía: 7.211,10 €

A sentenza desestima o recurso presentado contra a desestimación presunta, ampliado á resolución expresa desestimatoria, da reclamación de responsabilidade patrimonial polos danos materiais ocasionados ao vehículo e as lesións da ocupante, con motivo do desprazamento dun colector de lixo sobre o vehículo da reclamante, que declara conforme a dereito.

A sentenza considera probado que o día no que sucederon os feitos déronse circunstancias meteorolóxicas moi adversas e excepcionais que a propia actora acreditou e que determinan que poda apreciarse Forza Maior como causa exonerante da responsabilidade patrimonial administrativa, tal e como se razoa na resolución desestimatoria municipal.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1705 /1102

A sentenza, que é firme, non contén un pronunciamento sobre condena en custas.

Debe coñecer o resolto o Servizo de Patrimonio, en particular no criterio da Forza Maior como causa exonerante da responsabilidade patrimonial administrativa.

14.- Contencioso. Expediente nº 16535/111

Sentenza nº 98 do 14 de maio de 2024

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 340/2023

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: Desestimación presunta, por silencio administrativo, da reclamación de RPA polos danos causados nas lúas do local sito na rúa Velázquez Moreno nº 2, polas pedras desprazadas dende as xardineiras sitas nas beirarrúas.

Expte(s): 6567/243

Contía: 1.452,00 €

Sentenza firme pola que se desestima o recurso contencioso interposto polo demandante contra a desestimación presunta da reclamación patrimonial presentada no Concello, pola rotura dunha lúa do seu local (cafetería Maracaibo) como consecuencia do impacto dunha pedra (canto rodado), das existentes sobre a calzada, procedente dos alcorques do arborado municipal existente na zona. Alega o demandante que a existencia de pedras na calzada xunto ao paso de vehículos dan lugar a propulsión das mesmas que saen disparadas como proxectís, hacia os laterais, dando lugar aos danos denunciados.

A pretensión é desestimada ao non quedar probada a relación de causalidade, xa que non se constata obriga da concesionaria de instalar rexilla nesas alcorques, e as pedras saen do lugar pola acción de terceiros. Tampouco queda probada a valoración do dano padecido xa que non se aporta factura nin xustificante de pagamento de dito importe reclamado (1.452 euros). Sen custas.

Darase traslado desta resolución ao servizo municipal de Parques, Montes e Xardíns e ao servizo de Patrimonio para o seu coñecemento.

15.- Contencioso. Expediente nº 16897/111

Sentenza nº 95 do 16 de maio de 2024

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 24/2024

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Desestimación da reclamación de RPA polos danos sufridos por mor dunha caída nas escaleiras sitas no interior do auditorio de Mar de Vigo.

Expte(s): 5828/243

A sentenza desestima o recurso interposto contra a desestimación de reclamación de responsabilidade patrimonial (inicialmente presunta e logo resolta expresamente), polos danos sufridos (gastos médicos e lesións) como consecuencia da caída dunha nena o 7.4.2018 nas escaleiras do Auditorio Mar de Vigo durante a celebración do 7º Trofeo de Baile Cidade de Vigo ao esvarar con restos de galletas.

No FX 3º fundamenta a desestimación na ausencia de acreditación tanto da dinámica do evento danoso como do nexo causal entre o funcionamento do servizo público e os danos, para que xurda a responsabilidade patrimonial da Administración.

A sentenza, que non contén condena en custas, é firme.

Debe coñecer o resolto o Servizo de Patrimonio.

16.- Contencioso. Expediente nº 16937/111

Auto nº 41 do 31 de maio de 2024

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 40/2024

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: Desestimación, por silencio administrativo, de reclamación de RPA polos danos ocasionados a vehículo por un contedor de lixo sito na rúa Eduardo Cabello

Expte(s): 7093/243

O Auto acorda declarar rematado o procedemento por recoñecemento total en vía administrativa e archivar as actuacións.

Debe coñecer o resolto o departamento de Patrimonio-RPA

17.- Contencioso. Expediente nº 16219/111

Sentenza nº 112 do 31 de maio de 2024

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Ordinario: 251/2023

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Desestimación presunta, por silencio administrativo, de reclamación de RPA interposta en data 06/04/2021, polos danos sufridos por mor dunha caída na rúa Rosalía de Castro á altura do nº 18

Expte(s): 6728/243

Contía: 99.544,39 €

Esta sentenza, que non é firme, desestima o recurso interposto contra a desestimación presunta de reclamación por responsabilidade patrimonial por mor dunha caída na rúa Rosalía de Castro.

Na resolución recóllense os feitos, e intégrase o criterio legal e xurisprudencial consolidado sobre os requisitos para que se poida estimar unha demanda deste tipo. Canto ao caso concreto, sinala que non quedou probado con precisión cal foi o lugar concreto da caída, o que impide valorar se os desperfectos que a demandante sinalou na demanda como determinantes do seu accidente, tiñan tal entidade.

A maiores, considera parcialmente contraditoria a versión da actora, así como relevante que as dúas persoas que atenderon á demandante nos momentos posteriores á caída, non lembraban desperfecto algún na zona de tránsito de peóns. Todo o cal, conclúe nunha falta de acreditación do nexo causal, que comporta a desestimación da demanda, sen imposición de custas.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1705 /1102

O servizo de Patrimonio-Responsabilidade Patrimonial debe coñecer do resolto.

18.- Contencioso. Expediente nº 17044/111

Auto nº 43 do 3 de xuño de 2024

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 64/2024

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: Desestimación presunta, por silencio administrativo, de reclamación de RPA polos danos sufridos por vehículo cando circulaba pola rúa Porriño nº 9

Expte(s): 7029/243

Este Auto resolve a terminación por carencia sobrevida de obxecto do procedemento, ao resolverse na vía administrativa a estimación da reclamación por responsabilidade patrimonial.

Conforme ao criterio do órgano xurisdiccional, impóñense as custas, se ben se limitan e recoñece expresamente a dilixencia municipal.

O servizo de Patrimonio-RPA debe coñecer do resolto.

19.- Contencioso. Expediente nº 16829/111

Sentenza nº 114 do 3 de xuño de 2024

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 15/2024

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Desestimación presunta por silencio administrativo, da reclamación de RPA polos danos sufridos por mor dun accidente de circulación ocorrido cando circulaba coa motocicleta pola Avda. de Gregorio Espino nº 39.

Expte(s): 6978/243

Contía: 1.721,36 €

Sentenza pola que se desestima o recurso contencioso-administrativo interposto polo actor contra a desestimación presunta da RPA presentada o 3 de febreiro de 2023, na que interesaba o abono de 1.721,36 euros derivada dos danos e prexuízos persoais e materiais padecidos como consecuencia dun accidente en motocicleta en setembro de 2022 en Gregorio Espino, por mor dunhas obras públicas municipais.

O xulgador de instancia entende que non queda probada a relación causal entre o funcionamento do servizo público e o resultado lesivo, xa que quedou probado por parte da Administración demandada que se trata dunha obra debidamente sinalizada, con indicación expresa da obriga de circular a unha velocidade excepcionalmente reducida. Recolle a sentenza que este é o nivel de esixencia que debía ser observado pola Administración, e unha vez acreditado este coidado, debía ser o prexudicado quen debería acreditar que tivo especial coidado na circulación. Conclúe a sentenza, á vista da normativa da seguridade viaria, que o motorista non prestou especial coidado á atención da dobre sinalización existente no lugar dos feitos, que advertían da zona de porxiro por obras e limitación de velocidade.

A sentenza é firme e impóñense custas.

Darase traslado desta resolución ao servizo municipal de Patrimonio para o seu coñecemento.

20.- Contencioso. Expediente nº 17012/111
Sentenza nº 118 do 4 de xuño de 2024
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Abreviado: 51/2024
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Resolución do 27/12/2023 que estimou parcialmente a reclamación de RPA formulada polos danos sufridos por mor dunha caída cando transitaba pola rúa Vía Norte.
Expte(s): 6387/243

A sentenza desestima o recurso e declara a conformidade a dereito da resolución da Concelleira delegada de Patrimonio que estimou parcialmente a reclamación de responsabilidade patrimonial polos danos sufridos como consecuencia dunha caída á altura do número 38 da rúa Vía Norte, ao considerar que existía nexo causal entre o deficiente estado da lousa e a caída da reclamante, modulando a indemnización polos danos que deben ser soportados por metade.

A sentenza, sen imposición de custas procesuais, é firme.

Debe coñecer o resolto o Servizo de Responsabilidade Patrimonial.

21.- Contencioso. Expediente nº 16979/111
Sentenza nº 124 do 10 de xuño de 2024
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Abreviado: 28/2024
Demandante/Recorrente: Empresa
Obxecto: Desestimación presunta, por silencio administrativo, de reclamación de RPA polos danos ocasionados a vehículo ao caerlle enriba unha árbore sita no Camiño Gondosende nº 91
Expte(s): 7106/243
Contía: 2.042,79 €

A sentenza desestima o recurso contra a desestimación inicialmente presunta, e posteriormente inadmitida, da reclamación de responsabilidade patrimonial presentada polos danos materiais ocasionados ao vehículo aparcado no camiño Gondosende 54 como consecuencia da caída dunha árbore, ao non ser de titularidade municipal a parcela donde se ubicaba a árbore que causou os danos nin ter encomendado o mantemento da mesma segundo as averiguacións que constan no expediente.

A sentenza, que é firme, non contén condena en custas.

Debe coñecer o resolto o Servizo de Patrimonio.

22.- Contencioso. Expediente nº 16764/111
Sentenza nº 149 do 10 de maio de 2024
TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 3
Recurso de apelación: 7024/2024



CONCELLO DE VIGO

Expte.1705 /1102

Demandante/Recorrente: Concello de Vigo

Obxecto: Resolución do 20/03/2023 desestimatoria do recurso de reposición formulado contra outra ditada no expediente administrativo, que declarou que o tramo-camiño Breadouro, entre a rúa Canido (PO-324) e a praia, na parroquia de Coruxo, é de titularidade pública

Expte(s): 21047/240,

Contía: Indeterminada

Sentenza do TSXG pola que se desestima o recurso de apelación interposto polo Concello de Vigo contra a sentenza ditada polo XCA núm. 2 de Vigo, pola que se estimaba o recurso contencioso-administrativo interposto pola titular do establecemento sito en camiño Breadouro, e se deixaba sen efecto a resolución do procedemento municipal de investigación do camiño Breadouro.

A Sala nega os efectos interruptivos da caducidade do procedemento dos acordos de suspensión que non se axusten ao establecido no art. 22.1 da LPAC, entre os que non se atopa o de combater a resistencia da veciña a recibir as notificacións, nin o de compensar os prazos que se ampliaron para que aquela poda alegar ou presentar probas.

Con imposición de custas ao Concello por importe máximo de 1000 euros. Contra a mesma cabe recurso de casación.

Darase traslado desta resolución ao servizo de Patrimonio para o seu coñecemento e efectos.

Procedemento de orixe:

RC-A nº 181/2023 PO XC-A nº 2 Vigo, Sentenza nº 269 de 30/11/2023, estimatoria, comunicada na sesión da XGL do 26/01/2024

23.- Contencioso. Expediente nº 16740/111

Sentenza nº 210 do 13 de maio de 2024

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 2

Recurso de apelación: 4100/2024

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución da Concelleira-delegada de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal do 28/12/2022, desestimatoria de recurso de reposición interposto o 24/11/2022 fronte a Decreto de 20/12/2022, estimatorio de alegacións de outro particular e que declara axustada a Dereito a resolución do 22/10/2010, concesión de autorización-licenza de vao para entrada de vehículos de masa ata 3.500 kg na Ctra. Vilar 69)

Expte(s): 78897/210 e 123706/210

Contía: Indeterminada

A sentenza desestima o recurso de apelación interposto contra a sentenza 263/2023 do Xulgado Contencioso 2 de Vigo que declarou conforme a dereito a resolución municipal de 28/12/2022 que a súa vez desestimou o recurso de reposición contra outra de 20/12/2022 que declarou conforme a dereito a autorización de vao para entrada de vehículos concedida no ano 2010 na estrada do Vilar 69.

No FX 4º xustifica a improcedencia da revogación do vao: non se invoca ningunha causa pola que proceda a revogación, non aprecia incumprimento da normativa en canto a sinalización, ou do disposto no artigo 75 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, nin incumprimento das condicións polo beneficiario, non está en desuso, nin concorren circunstancias sobrevidas.

A sentenza, susceptible de recurso de casación, impón as custas a recorrente (1.000 euros).

Debe coñecer o resolto o Departamento de Seguridade (expte. 123706/210).

Procedemento de orixe:

RC-A nº 74/2023 PO XC-A nº 2 Vigo, Sentenza nº 263 de 28/11/2023, desestimatoria, comunicada na sesión da XGL do 26/01/2024

24.- Contencioso. Expediente nº 17062/111
Sentenza nº 102 do 23 de maio de 2024
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Abreviado: 68/2024
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Resolución de 16/01/2024 da Área de Seguridade do Concello de Vigo, desestimatoria de recurso de reposición ditada no expediente nº 2023/51420 (sanción por infracción de tráfico)
Expte(s): 315372/280
Contía: 100,00 €

A sentenza desestima o recurso interposto contra a resolución da Concelleira da Área de Seguridade desestimatoria do recurso de reposición contra outra anterior resolución que impuxo unha sanción, de 100 euros sen detracción de puntos, pola infracción grave de circular excedendo o límite de velocidade, por considerar que no procedemento non se infrinxiu a orde ICT/155/2020, nin o principio de presunción de inocencia, sendo suficiente a única fotografía captada polo cinemómetro, sen que a proba de cargo contida no expediente fose desvirtuada polo recorrente.

A sentenza, que é firme, non se pronuncia sobre as custas procesuais.

Deben coñecer o resolto os Departamentos de Seguridade e de Recadación Executiva.

25.- Contencioso. Expediente nº 17096/111
Sentenza nº 121 do 7 de xuño de 2024
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Abreviado: 74/2024
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Resolución do 16/01/2024 desestimatoria do recurso de reposición formulado contra outra do 17/11/2024 que lle impuxo sanción por importe de 100 euros
Expte(s): 315710/280

A sentenza desestima o recurso presentado fronte á resolución da Concelleira delegada da Área de Seguridade, desestimatoria do recurso de reposición interposto contra outra anterior resolución que impuxo unha sanción de 100 euros pola infracción grave de conducir exce-



CONCELLO DE VIGO

Expte.1705 /1102

dendo o límite de velocidade na Avenida Clara Campoamor captada por un cinemómetro, por considerar que é axustada e dereito.

A sentenza, que é firme, non contén un pronunciamento en custas.

Deben coñecer o resolto os Servizos de Seguridade e de Recadación Executiva.

26.- Contencioso. Expediente nº 16103/111
Sentenza nº 98 do 20 de maio de 2024
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Ordinario: 226/2023
Demandante/Recorrente: Empresa
Obxecto: Resolución da XGL do Concello de Vigo, adoptada en sesión do 01/06/2023, pola que se acordou desestimar a solicitude na que interesa o reequilibrio económico do contrato de "Servizo de Axuda no Fogar" adxudicado o 24/09/2020 e, de forma subsidiaria a súa resolución.
Expte(s): 197921/301
Contía: Indeterminada

Esta sentenza, que non é firme, desestima as pretensións da demanda presentada pola sociedade demandante, adxudicataria do contrato do Servizo de Axuda no Fogar, xestionado pola Área de Benestar Social do Concello de Vigo, con respecto á solicitude de modificación do contrato, condena á indemnización en favor da empresa polas perdas, e subsidiariamente a resolución do contrato pola imposibilidade de execución nas condicións actuais de prestación.

A resolución recolle os momentos temporais máis relevantes do contrato aos efectos do pretendido, e nomeadamente a modificación e a prórroga do mesmo, xunto co curso de tramitación das solicitudes presentadas pola actora.

Canto ao fondo do asunto, o Xulgado reitera a forza vinculante dos pregos aprobados, aceptados e non impugnados pola parte demandante, tampouco recorrendo a anterior modificación do contrato. Trala práctica da proba, incluída a pericial proposta pola parte demandante, o órgano xudicial lembra o principio de risco e ventura e manifesta que a prohibición da revisión de prezos era clara, e que a modificación dos contratos é excepcional. Non concorrendo tal causa extraordinaria neste suposto.

O pretendido pola actora era trasladar ese incremento de prezos, eludindo o feito de que se producira xa con anterioridade á prórroga acordada, e cando se modificou o contrato sen que neses momentos puxese de manifesto tal incremento desproporcional ou causante dun desequilibrio do contrato.

A área de Benestar social debe coñecer do resolto.

27.- Contencioso. Expediente nº 17121/111
Sentenza nº 125 do 10 de xuño de 2024
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Abreviado: 87/2024

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución do Concello de Vigo denegatoria de axuda social de emerxencia

Expte(s): 261832/301

Contía: Indeterminada

Sentenza firme pola que se desestima o recurso contencioso-administrativo interposto contra a desestimación da solicitude da demandante, dunha axuda de emerxencia social.

Na sentenza indícase que no momento da solicitude, a demandante non reunía os requisitos establecidos para poder ser beneficiaria da mesma, tal e como indicaba o servizo de Benestar no procedemento tramitado ao efecto.

Contra dita sentenza non caben recursos, e foi ditada sen expresa imposición de costas.

Darase traslado de dita resolución ao servizo de Benestar Social para o seu coñecemento.

28.- Contencioso. Expediente nº 16925/111

Sentenza nº 101 do 22 de maio de 2024

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 41/2024

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: Desestimación presunta de requirimento de cese na actuación material constitutiva de vía de feito (destrución parcial de escadas exteriores de acceso a local sito na rúa Travesía de Vigo nº 164, con motivo da execución das obras de "Implantación do ascensor entre Travesía de Vigo nº 160 e Aragón nº 209")

Expte(s): 92904/250

A sentenza desestima o recurso interposto contra a desestimación inicialmente presunta da queixa presentada polo recorrente na que solicitaba a reposición dunhas escaleiras de acceso ao local na planta primeira do edificio da Travesía de Vigo 164 que foron parcialmente demolidas con motivo das obras de implantación dun ascensor, no tramo que comunica a Travesía de Vigo á altura do número 160 coa rúa Aragón núm. 209, na parte que se atopan fora da aliñación de fachada.

A sentenza considera que a actuación municipal non pode cualificarse como unha actuación material constitutiva de vía de feito, ao encontrarse amparada na normativa vixente tanto para a acción de réxime local na realización dunha obra pública no uso das competencias propias as que está obrigada, como a lexislación urbanística técnica e sectorial aplicable e a normativa contractual como consta no expediente remitido.

A sentenza, que é firme, non contén un pronunciamento sobre as custas procesuais.

Debe coñecer o resolto o Servizo de Fomento.

29.- Contencioso. Expediente nº 15737/111

Sentenza nº 375 do 31 de maio de 2024

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 4

Ordinario: 15353/2023

Demandante/Recorrente: Concello de Vigo



CONCELLO DE VIGO

Expte.1705 /1102

Obxecto: Acordo do Tribunal Económico-Administrativo Rexional de 10 de febreiro de 2023, recaído no Procedemento 36-01454-2021-50 (Peza de Personación)

Expte(s): 44611/503

Contía: Indeterminada

Esta sentenza, que non é firme, desestima o recurso, sen especial pronunciamento en materia de custas, pola complexidade ínsita do caso.

A Dirección de Ingresos e Xestión Catastral Delegada debe coñecer o resolto.

30.- Contencioso. Expediente nº 16851/111

Sentenza nº 112 do 4 de xuño de 2024

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 21/2024

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: Desestimación por silencio administrativo de reclamación presentada o 19/10/2023, e resolución do 24/11/2023 desestimatoria dos recursos de reposición, formulados contra outras do 11 e 23 de outubro de 2023, que declaran a nulidade das facturas relativas ao contrato para prestación de servizos de seguridade probada para diversas dependencias municipais.

Expte(s): 3887/321, 3888/321, 3889/321

Contía: 22.324,80 €

A sentenza desestima o recuso presentado contra a resolución de 24/11/2023 desestimatoria dos recursos de reposición presentados contra outras anteriores que anulaban as facturas reclamadas pola mercantil polos servizos prestados unha vez rematada a relación contractual (a prórroga do contrato remataba).

No FX 2º razoa que o contrato prevía unha duración inicial de 4 anos e dúas prórrogas anuais, producíndose o vencemento do contrato o 30.06.2023, sen necesidade de ulterior comunicación nin novo requirimento para deixar de prestar os servizos, polo que se a mercantil unilateralmente decidiu continuar prestando os servizos o fixo ao seu risco e ventura, sen soporte contractual e sen que poida arrogarse a facultade de apreciar o carácter esencial da prestación dos servizos, resultando improcedente a invocación dos actos propios.

A sentenza, que é firme, impón as custas procesuais a mercantil demandante coa limitación de 200 euros.

Debe coñecer o resolto o Servizo de Participación Cidadá.

B) RESOLUCIÓN DITADAS NA ORDE XURISDICCIONAL SOCIAL

1.- Social. Expediente nº 15752/111

Sentenza nº 2273 do 9 de maio de 2024

TSX Galicia, Sala do Social

Recurso de suplicación: 2874/2023

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Reclamación para que o proceso de incapacidade temporal iniciado o 15/01/2022 sexa derivado de continxencia profesional (accidente laboral) (funcionario Servizo Extinción de Incendios)

Sentenza do TSXG pola que se desestima o recurso de suplicación interposto contra a sentenza do Xulgado do Social núm. 4, pola que se desestimou a demanda do traballador municipal (SPEIS) interposta contra o Concello, a FREMAP, o INSS e a TXSS, sobre determinación de continxencia.

Recorre en suplicación solicitando a revisión dos feitos probados, e a Sala indica que a revisión non se admite por ser o recurso de suplicación un recurso extraordinario, e non unha apelación que permita examinar novamente toda a proba, e no presente suposto, a revisión que propón o recorrente non é un feito controvertido.

En canto ao nexo causal entre o traballo e o accidente, a Sala se pronuncia indicando a patoloxía do demandante é derivada de enfermidade común pois non se acredita que a patoloxía teña a súa exclusiva causa e orixe no traballo desenvolvido como telefonista, sen prexuízo de que se produciran no parque de bombeiros (lugar de traballo). Tampouco se trata dunha enfermidade contraída con motivo da realización do seu traballo (art. 156.2.e LXSS nin dunha enfermidade anterior na que o traballo actúe como mecanismo determinante da súa agravación (art. 156.f) para que unha enfermidade sexa considerada accidente de traballo.

A sentenza confirma a de instancia e contra a mesma cabe interpoñer recurso de casación.

Darase traslado da mesma ao SPEIS e ao servizo de RRHH para o seu coñecemento.

2.- Social. Expediente nº 15757/111

Sentenza nº 2286 do 10 de maio de 2024

TSX Galicia, Sala do Social

Recurso de suplicación: 2786/2023

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Reclamación da indemnización prevista no art. 33 do Convenio Colectivo do Concello de Vigo, de aplicación sobre incentivos á xubilación anticipada

A sentenza do TSXG estima o recurso de suplicación e revoga a sentenza do Xulgado do social nº1 de Vigo; condenando ao Concello ao pagamento do premio de xubilación anticipada.

Considérase na sentenza que non se trata dunha retribución polo desempeño profesional senón que é unha achega do Concello para atender determinadas necesidades e que a lei exige respectar o acordado por convenio colectivo salvo causa grave de interese público derivada dunha alteración substancial das circunstancias económicas, que non sucede e ademais sen que pola Administración tramitase o procedemento para a inaplicación da cláusula do convenio que recolle dito premio.

Debe coñecer e executar o resolto o departamento de RRHH.

Procedemento de orixe:



CONCELLO DE VIGO

Expte.1705 /1102

Procedemento Ordinario nº 131/2023 Xulgado do Social nº 1 de Vigo, Sentenza nº 141 de 27/03/2023, desestimatoria, comunicada na sesión da XGL do 01/06/2023

3.- Social. Expediente nº 17081/111
Sentenza nº 290 do 30 de maio de 2024
Xulgado do Social nº 1 de Vigo
Ordinario: 285/2024
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Recoñecemento dereito

Sentenza do Xulgado do Social núm. 1 de Vigo, pola que se cambia o criterio de dito Xulgado, en relación ao non recoñecemento do premio de xubilación anticipada ao persoal laboral, ao abeiro da recente sentenza do TSX de Galicia de data 10 de maio de 2024, que revogou precisamente a sentenza deste XS núm. 1 de data 27 de marzo de 2023, e polo tanto debe cambiarse de criterio e recoñecerlle ao demandante o dereito e cantidade reclamados.

A recente STSXG á que se refire establece que o premio de xubilación non ten a consideración de retribución, e que é a natureza de indemnización precisamente, a que determina a procedencia do seu abono por canto dita prestación é unha aportación económica do Concello destinada a atender determinadas necesidades, non unha contraprestación económica polo desempeño profesional que se debe necesariamente con regularidade periódica.

Contra dita sentenza do XS1 interpúxose recurso de suplicación.

Darase traslado desta resolución ao servizo de RRHH para o seu coñecemento.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I. Considerando a obriga xeral de cumprir as sentencias e demais resolucións firmes dos xuíces e tribunais, así como de prestar a colaboración requirida por estes no curso do proceso e na execución do resolto segundo o art. 118 da Constitución así como o principio constitucional do pleno sometemento á lei e ao dereito da Administración Pública no desenvolvemento da súa actividade do art. 103 do texto constitucional.

II. Considerando o establecido no artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, en canto á obriga de executar as sentenzas en tempo e forma.

III. Considerando que o artigo 17.2 da Lei Orgánica do Poder Xudicial establece que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, e todas as Entidades públicas e privadas deben respectar, e, de ser o caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que fosen firmes ou executables de conformidade coas leis.

IV. Considerando o disposto na Sección 8ª e 9ª do capítulo I do título IV; e, no capítulo IV do título IV, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, para o caso das máis comúns no tocante á administración municipal, ditadas pola Xurisdición contencioso-administrativa; e, nos demais casos, atendendo ás normas reguladoras da xurisdición na que foron ditadas as resolucións xudiciais das que se dá conta; Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social, en especial capítulo IV do título I do Libro IV ou á Lei 1/2000, de 7 xaneiro, de axuizamento civil, en especial libro III.

V. E atendendo á distribución de competencias na materia que recolle a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, para os diferentes órganos: art. 127.1.j), Xunta do Goberno local; art. 124.4.l) Alcaldía e art. 123.1.m) Pleno en relación co disposto nos Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo, comunicamos as resolucións xudiciais relacionadas nos Antecedentes.

PROPOSTA DE ACORDO

Único.- Tómase coñecemento formal das resolucións xudiciais recollidas nos Antecedentes da parte expositiva do presente acordo.

Segundo.- Remítase aos servizos responsables da tramitación administrativa en cada caso, con expresa indicación para que procedan á execución das resolucións xudiciais nos seus propios termos, en tempo e forma.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(504).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE ENERXÍA ELÉCTRICA EN MEDIA E BAIXA TENSIÓN PARA AS DISTINTAS INSTALACIÓNS E DEPENDENCIAS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 53229/444.

Visto o informe de fiscalización do 27/06/2024 sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación de data 26/06/2024, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de enerxía eléctrica en media e baixa tensión para as distintas instalacións e dependencias do Concello de Vigo (53229-444)

LEXISLACIÓN APLICABLE



CONCELLO DE VIGO

Expte.1705 /1102

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do subministro de enerxía eléctrica en media e baixa tensión para as distintas instalacións e dependencias do Concello de Vigo (53229-444)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 26 de abril de 2024 a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria do "SUBMINISTRO DE ENERXÍA ELÉCTRICA EN MEDIA E BAIXA TENSIÓN PARA AS DISTINTAS INSTALACIÓNS E DEPENDENCIAS DO CONCELLO DE VIGO".

Segundo.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares asinado pola Enxeñeira Industrial en data 04.04.2024.

Terceiro.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa de Área de Contratación e Novos Proxectos en data 05.04.2024.

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de VINTE E UN MILLÓNS OITOCENTOS OITENTA E NOVE MIL OITOCENTOS TRINTA E UN EUROS CON CINCUENTA E TRES CÉNTIMOS (21.889.831,53 €) IVE engadido, sendo a partida correspondente ao IVE de TRES MILLÓNS SETECENTOS NOVENTA E NOVE MIL SESENTA E UN EUROS CON SESENTA E SETE CÉNTIMOS (3.799.061,67 €).

De acordo co carácter plurianual do contrato, para a súa financiación serán de aplicación os seguintes créditos e aplicacións orzamentarias:

| | | | Novembro/Decembro 2024 | 2025 | 2026 | Xaneiro/Octubro 2027 |
|------|-----------|--|---------------------------|-----------------------|-----------------------|-------------------------|
| 1330 | 221.00.00 | subministro de enerxía eléctrica nos semáforos | 19.353,19 € | 116.119,15 € | 116.119,15 € | 96.765,96 € |
| 1650 | 221.00.00 | subministro enerxía eléctrica alumeadado público | 782.045,55 € | 4.692.273,33 € | 4.692.273,33 € | 3.910.227,77 € |
| 1710 | 221.00.00 | subministro eléctrico en fontes de parques e xardíns | 11.038,91 € | 66.233,47 € | 66.233,47 € | 55.194,56 € |
| 3230 | 221.00.00 | subministro de enerxía eléctrica nos colexios públicos | 101.668,94 € | 610.013,64 € | 610.013,64 € | 508.344,70 € |
| 3420 | 221.00.00 | subministro eléctrico - inst. deportivas | 111.041,87 € | 666.251,21 € | 666.251,21 € | 555.209,34 € |
| 9200 | 221.00.00 | subministro eléctrico - dependencias municipais | 190.953,29 € | 1.145.719,71 € | 1.145.719,71 € | 954.766,43 € |
| | | | 1.216.101,75 € | 7.296.610,51 € | 7.296.610,51 € | 6.080.508,76 € |

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente."

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 4 de xuño de 2024 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro de enerxía eléctrica en media e baixa tensión para as distintas instalacións e dependencias do Concello de Vigo (53229-444) na seguinte orde descendente:

| | Licitador |
|---|---------------------------|
| 1 | IBERDROLA CLIENTES S.A.U. |

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, IBERDROLA CLIENTES S.A.U., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. A documentación esixida nas cláusulas 9 e 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberase acreditar a habilitación profesional esixida no apartado 5F do Anexo I -FEC- do PCAP.*
- 2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Recordar que tal e como establece a cláusula 8.9 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente. Neste caso, deberá presentar, asemade, a correspondente declaración de vixencia dos datos reflectidos no mesmo."



CONCELLO DE VIGO

Expte.1705 /1102

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, IBERDROLA CLIENTES, S.A.U., o día 5 de xuño de 2024, que presenta a documentación requirida o 14 do mesmo mes, dentro do prazo concedido.

Esta documentación consta de:

- O certificado de inscrición do licitador no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público no que figura a constitución da mercantil e a acreditación da habilitación profesional esixida no apartado 5F do Anexo I (FEC) do PCAP.
- A escritura de constitución da licitadora e os estatutos xunto coa escritura de apoderamento do representante e o seu DNI.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (5.107.627,37 €), presentan as contas do ano 2022 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (5.107.627,37 €), presentan certificados de boa execución nos que a suma dos importes do ano 2023 supera esta cantidade.
- Carta de pago, emitida pola Tesourería do Concello de Vigo, por un importe de 904.538,49 € que cobre a garantía definitiva requirida.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo, a AEAT, a TGSS e a ATRIGA.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 21 de xuño de 2024 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar IBERDROLA CLIENTES, S.A.U., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no

artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por IBERDROLA CLIENTES, S.A.U., de acordo co informe de valoración da proposición avaliadas mediante fórmula, de data 29 de maio de 2024.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a IBERDROLA CLIENTES, S.A.U. o procedemento aberto para a contratación do subministro de enerxía eléctrica en media e baixa tensión para as distintas instalacións e dependencias do Concello de Vigo (53229-444) coas seguintes condicións:

a) Propón os seguintes importes para a conformación dos prezos unitarios para o termino de Enerxía de acordo a cada unha das tarifas de aplicación e para cada un dos períodos:

| | Precio Ofertado Término de Energía (€/KWh) | | | | | |
|-------|--|---------------|---------------|---------------|---------------|---------------|
| | PE_of para P1 | PE_of para P2 | PE_of para P3 | PE_of para P4 | PE_of para P5 | PE_of para P6 |
| 2.0TD | 0,202719 | 0,138857 | 0,096693 | | | |
| 3.0TD | 0,180867 | 0,153693 | 0,125400 | 0,114487 | 0,098508 | 0,096298 |
| 6.1TD | 0,151452 | 0,130589 | 0,110791 | 0,103315 | 0,087951 | 0,084083 |

b) De acordo coa cláusula 16.H do PCAP o prezo total do contrato é de 18.997.111,14 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 3.297.019,29 euros e coa seguinte distribución de anualidades.

| DATOS GENERALES | | IMPORTE ANUALIDADES | | | | |
|-----------------|------------------------------------|-----------------------|--------------------------------|-----------------------|------------------------|-----------------------|
| Grupo | Descripción | TOTAL ANUAL | 2024 | 2025 | 2026 | 2027 |
| Grupo 1 | SEMÁFOROS | 102.398,94 € | 17.066,49 € | 102.398,94 € | 102.398,94 € | 85.332,45 € |
| Grupo 2 | ALUMEADO PÚBLICO E TÚNELES | 4.063.496,66 € | 677.249,44 € | 4.063.496,66 € | 4.063.496,66 € | 3.386.247,21 € |
| Grupo 3 | FONTES, PARQUES E XARDÍNS | 57.923,97 € | 9.654,00 € | 57.923,97 € | 57.923,97 € | 48.269,98 € |
| Grupo 4 | COLEXIOS PÚBLICOS E DEPENDENCIAS | 532.436,53 € | 88.739,42 € | 532.436,53 € | 532.436,53 € | 443.697,11 € |
| Grupo 5 | INSTALACIÓNS DEPORTIVAS | 581.290,96 € | 96.881,83 € | 581.290,96 € | 581.290,96 € | 484.409,13 € |
| Grupo 6 | OUTRAS INSTALACIÓNS E DEPENDENCIAS | 994.823,32 € | 165.803,88 € | 994.823,32 € | 994.823,32 € | 829.019,44 € |
| | TOTAL ANUAL | 6.332.370,38 € | 1.055.395,06 € | 6.332.370,38 € | 6.332.370,38 € | 5.276.975,32 € |
| | IVA ANUAL | 1.099.006,43 € | 183.167,74 € | 1.099.006,43 € | 1.099.006,43 € | 915.838,69 € |
| | | | TOTAL CONTRATO (3 AÑOS) | | 18.997.111,14 € | |
| | | | IVA CONTRATO (3 AÑOS) | | 3.297.019,29 € | |



CONCELLO DE VIGO

Expte.1705 /1102

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(505).- TOMAR RAZÓN DO CAMBIO DE DENOMINACIÓN SOCIAL DE AVIO SOLUCIONES INTEGRADAS S.A. A CLECE FS S.A. COMO EMPRESA CONTRATISTA DOS SERVIZOS DE MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS DE CLIMATIZACIÓN E CALEFACCIÓN NOS EQUIPAMENTOS ADSCRITOS AO SERVIZO DE XUVENTUDE. EXPTE. 9194/336.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 01/07/2024, asinado pola xefa da área de Contratación e Novos Proxectos e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Concelleira de Turismo e Xuventude, en resolución do 19 de setembro de 2022, adxudicou a CLECE, S.A. o contrato dos servizos de mantemento das instalacións de climatización e calefacción nos equipamentos adscritos ao servizo de Xuventude, tramitado como procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada.

O contrato formalizouse o mesmo día, por un prazo de dous anos, con posibilidade dunha prórroga dun ano de duración.

Segundo.- O 12 de setembro de 2023, mediante escrito presentado no Rexistro Xeral deste Concello (documento nº R20230029859) a empresa CLECE, S.A. comunica a transmisión de rama de actividade a favor de AVIO SOLUCIONES

INTEGRADAS, S.A.U, mediante a segregación e escisión parcial de rama de actividade, achegando declaración responsable de CLECE, S.A. na que se responsabiliza solidariamente con AVIO SOLUCIONES INTEGRADAS, S.A.U.

Xunto coa solicitude achega escritura de segregación da unidade económica da sociedade CLECE, S.A. (como sociedade segregada) a favor de AVIO SOLUCIONES INTEGRADAS, S.A.U., (como sociedade beneficiaria), outorgada perante o notario de Madrid, D. Alberto Bravo Olaciregui o 28 de xullo de 2023.

Terceiro.- Consta no expediente o certificado de inscrición no ROLECE de AVIO SOLUCIONES INTEGRADAS, así como os certificados de non existencia de débedas coa AEAT, ATRIGA, Seguridade Social e facenda municipal deste concello.

Cuarto.- A xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 3 de maio de 2024, acordou:

“Tomar razón da sucesión por transmisión de rama de actividade de CLECE, S.A. a favor de AVIO SOLUCIONES INTEGRADAS, S.A.U., responsabilizándose solidariamente da execución do contrato dos servizos de mantemento das instalacións de climatización e calefacción nos equipamentos adscritos ao servizo de Xuventude, adxudicado por resolución da Concelleira de Turismo e Xuventude, do 19 de setembro de 2022”

Quinto.- O 6 de maio de 2024, mediante escrito presentado no Rexistro Xeral deste Concello (documento nº W1098991-3950) a empresa AVIO SOLUCIONES INTEGRADAS SA comunica que con data 18 de decembro de 2023 modificou a súa denominación social pola de CLECE FS SA

Esta modificación formalizouse *mediante a correspondente escritura pública en data 18 de decembro de 2023* ante o Notario de Madrid D. Federico Garayalde Niño co número 2452 do seu protocolo.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- De conformidade coa LCSP, o cambio de denominación social non afecta a ningún dos seus elementos esenciais, non constitúe ningún suposto de sucesión do contratista dos previstos no artigo 98 da LCSP que requira acordo expreso do órgano de contratación, estimando que, ao manter o CIF anterior, bastará unha mera toma de coñecemento do referido cambio.

COMPETENCIA

A competencia para a adopción deste acordo correspóndelle á Xunta de Goberno local, en calidade de órgano de contratación do Concello de Vigo (disposición adicional segunda da LCSP).

Á vista das anteriores consideracións, propónse a adopción do seguinte acordo:

- “Tomar razón do cambio de denominación social de AVIO SOLUCIONES INTEGRADAS SA a CLECE FS SA como empresa contratista dos servizos de



CONCELLO DE VIGO

Expte.1705 /1102

mantemento das instalacións de climatización e calefacción nos equipamentos adscritos ao servizo de Xuventude (9194-336).

- Notificar este acordo ao interesado, á Intervención Xeral e á Tesourería Municipal, non resultando preciso o cambio da garantía definitiva a nome da nova persoa xurídica dado que mantén o mesmo CIF”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(506).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO CAMBIO DE RESPONSABLE DO CONTRATO DAS OBRAS DO PROXECTO “REHABILITACIÓN E ACONDICIONAMENTO DO PAZO DA RAPOSEIRA” NO MARCO DO PRTR FINANCIADO CON FONDOS EUROPEOS NEXT-GENERATION EU. EXPTE. 11183/307.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 02/07/2024, asinado pola xefa da área de Contratación e Novos Proxectos e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de Administración local de Galicia (LALGA)
- Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF)
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación das obras do proxecto “Rehabilitación e acondicionamento do Pazo de Raposeira” no marco do PRTR financiado con fondos europeos NEXT-GENERATION EU (PCAP)

- Prego de prescricións técnicas para a contratación das obras do proxecto “Rehabilitación e acondicionamento do Pazo de Raposeira” no marco do PRTR financiado con fondos europeos NEXT-GENERATION EU (PPT)

ANTECEDENTES

1.- A Xunta de Goberno Local, en data 19 de maio de 2023, acordou aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de REHABILITACIÓN E ACONDICIONAMENTO DO PAZO DA RAPOSEIRA.

2.- En data 23 de outubro de 2023, a Xunta de Goberno Local, acordou *adxudicar a CONSTRUCCIONES ABAL, S.A. o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto “Rehabilitación e acondicionamento do Pazo da Raposeira” no marco do PRTR financiado con fondos europeos NEXT-GENERATION-EU (11183-307) por un prezo total do contrato de 1.755.045,04 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 304.594,59 euros.*

Este contrato formalizouse o 25 de outubro de 2023 por un prazo de 8 meses a contar a partir do día seguinte ao da data de levantamento da acta de trazado de planta.

3.- En data 1 de xullo de 2024, a xefa da Área de Xestión patrimonial e territorial, co conforme da primeira Tenente de Alcalde e Concelleira delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, e Igualdade , emite o seguinte informe:

“ANTECEDENTES

1.- Con data 25/10/2022, o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana ditou resolución provisional da convocatoria de axudas para a rehabilitación de edificios de titularidade pública no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, na que se inclúe a rehabilitación do Pazo da Raposeira.

2.- O 2 de decembro de 2022 publicouse na sede electrónica do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana a resolución definitiva da convocatoria de axudas para a rehabilitación de edificios de titularidade pública no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, e con data do 2 de decembro de 2022, recíbese notificación da Coordinadora do Programa de Fomento da Rehabilitación de Edificios Públicos (PIREP), na que aparecen as obras de rehabilitación e acondicionamento do Pazo da



CONCELLO DE VIGO

Expte.1705 /1102

Raposeira cun financiamento de 1.495.451,86 euros. O programa está financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU.

Segundo cronograma desta obra deberá estar finalizadas antes del 30 de septiembre de 2024

3 Por Decreto de Alcaldía de data 30/01/2023, delegouse na Teniente de alcalde e concelleira da Área de Patrimonio histórico, tódalas atribucións precisas para a dirección técnica e política, xestión, seguimento, tramitación e realización da totalidade das obras e servizos necesarios para a execución do PROXECTO DE REHABILITACIÓN E ACONDICIONAMENTO DO PAZO DA RAPOSEIRA.

4.- En data 9 de febreiro de 2023 a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o citado PROXECTO DE REHABILITACIÓN E ACONDICIONAMENTO DO PAZO, de data xaneiro de 2023, redactado polo arquitecto Emilio Estévez Fernández, cun orzamento base de licitación, IVE engadido, de UN MILLÓN OITOCENTOS CINCUENTA MIL OITENTA E TRES EUROS E NOVENTA CÉNTIMOS (1.850.083,91 €).

5.- A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 23 de outubro de 2023, acorda adxudicar a CONSTRUCCIONES ABAL, S.A. o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto “Rehabilitación e acondicionamento do Pazo da Raposeira” no marco do PRTR financiado con fondos europeos NEXT-GENERATION-EU (11183-307) por un prezo total do contrato de 1.755.045,04 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 304.594,59 euros.

6.-En data 07.11.2023, a Concelleira da Área de Goberno acorda adxudicar a Emilio Estévez Fernández, co NIF 36046197E, o contrato menor de servizos para a dirección de obra na rehabilitación e acondicionamento do pazo de A Raposeira.

Na FEC do prego de condicións administrativas e particulares que rexeu esta licitación figura como responsable do contrato a arquitecta técnica da oficina de Patrimonio, quen recentemente ten causado baixa por incapacidade temporal

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

As funcións da responsable do contrato son principalmente supervisar, tomar decisións e ditar instrucións para garantir a correcta realización do contrato

segundo as especificacións técnicas e condicións de execución definidas nos pregos, e dentro das facultades outorgadas polo órgano de contratación. Especificamente en relación aos contratos de obras estas funcións están recollidas nos artigos 237-246 da Lei de contrtos do sector público.

Sendo necesario contar cun facultativo especialista zo que desenvolva as funcións preceptivas de supervisión e cumprimento das condicións do contrato, xestión e control de posibles modificacións, e no seu caso entrega, recepción, liquidación do contrato e garantía,

SOLICÍTASE

Que con carácter urxente polo órgano de contratación se nomee ao aparelador, funcionario municipal Santiago Ledo Martínez, como técnico responsable do contrato de execución de obras de rehabilitación do pazo da Raposeira en tanto non se reincorpore a arquitecta técnica nomeada segundo prego de cláusulas administrativas que rexeu a licitación do contrato de obras.”

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Lexislación aplicable

En primeiro lugar, resulta preciso determinar a lexislación aplicable a este cambio. Os contratos réxense en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato, no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento no que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda do Código Civil), é dicir, pola Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP) e o Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña á LCSP.

-II-

Do responsable do contrato



CONCELLO DE VIGO

Expte.1705 /1102

O artigo 62 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público dispón que *“Con independencia da unidade encargada do seguimento e da execución ordinaria do contrato que figure nos pregos, os órganos de contratación deberán designar un responsable do contrato, a quen corresponderá supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada, dentro do ámbito de facultades que aqueles lle atribúan. O responsable do contrato poderá ser unha persoa física ou xurídica, vinculada á entidade contratante ou allea a ela”*.

Neste senso, a cláusula 1.3 do PCAP determina que:

“[...] O responsable do contrato coas competencias que lle asigna o artigo 62 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), será fixado no apartado 1.C da FEC ou será nomeado polo órgano de contratación no acordo de aprobación do expediente. Será nomeado entre técnicos con titulación adecuada e suficiente con relación á obra de que se trate. Se durante a vixencia do contrato fose necesario cambialo, o concelleiro delegado do servizo xestor indicará esta circunstancia ao Servizo de Contratación, o cal formulará a proposta ao órgano de contratación para a súa aprobación. Este cambio non terá a consideración de modificación contractual. [...]”

Segundo o apartado 1C das Follas de especificacións do contrato (en adiante FEC) se determina que a responsable do contrato é a arquitecta técnica da oficina de Patrimonio.

No informe da Área de Xestión patrimonial e territorial de data 1 de xullo de 2024 solicítase que: *“con carácter urxente polo órgano de contratación se nomee ao aparelador, funcionario municipal Santiago Ledo Martínez, como técnico responsable do contrato de execución de obras de rehabilitación do pazo da Raposeira en tanto non se reincorpore a arquitecta técnica nomeada segundo prego de cláusulas administrativas que rexeu a licitación do contrato de obras”*.

Tal e como se sinala na citada cláusula 1 do PCAP, se durante a vixencia do contrato fose necesario cambiar o responsable do contrato, o concelleiro delegado do servizo xestor indicará esta circunstancia ao Servizo de Contratación, o cal formulará a proposta ao órgano de contratación para a súa aprobación. Este cambio non terá a consideración de modificación contractual.

Á vista do exposto, procede o cambio da responsable do contrato, a arquitecta técnica da oficina de Patrimonio, polo aparelador funcionario municipal D. Santiago Ledo Martínez.

- III-

Competencia

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención municipal (artigo 114.3 TRRL apartados 4 e 11 da disposición adicional segunda da LCSP)

En base ao anterior, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Aprobar o cambio do responsable do contrato das obras do proxecto “Rehabilitación e acondicionamento do Pazo da Raposeira” no marco do PRTR financiado con fondos europeos NEXT-GENERATION-EU (expediente 11183-307), designando ao aparelador funcionario municipal, D. Santiago Ledo Martínez.

2º.- Notificar este acordo ao servizo xestor e ao contratista, CONSTRUCCIONES ABAL, S.A.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(507).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA PARA O ESTUDO DO ESTADO DOS VESTIARIOS DOS CAMPOS DE FÚTBOL MUNICIPAIS E A REDACCIÓN DE PROPOSTAS PARA A SÚA RENOVACIÓN. EXPTE. 22544/333.

Visto o informe xurídico do 24/06/2024 e o informe de fiscalización do 27/06/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 20/06/2024, asinado polo xefe do servizo de Deportes e conformado polo concelleiro-delegado, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:



CONCELLO DE VIGO

Expte.1705 /1102

Normativa de aplicación:

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP) no que no se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).

Antecedentes:

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), previa á resolución de inicio do expediente, o 10 de marzo de 2023.
- Este contrato non está incluído no Plan anual de contratación do Concello de Vigo para o exercicio 2024, aprobado pola Xunta de Goberno local na sesión do 29 de decembro de 2023 e publicado no perfil de contratante.
- Memoria económica de data 22 de maio do 2024, relativa aos seguintes extremos:
 - Xustificación do prezo do contrato, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) aos que fai referencia o artigo 102 LCSP.
 - Ao tratarse dun servizo no que o custo económico principal son custos laborais, consta que se consideraron os termos económicos dos convenios colectivos sectoriais, nacionais, autonómicos e provinciais aplicables (artigo 102.1 e 3 LCSP).
 - Xustificación de que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).
 - Forma de aboamento do prezo (artigo 67.2ñ do RLCAP).
- Retencións de crédito de data 31 de maio de 2024 (operacións nº 202400007943 e 202400007944).

- Prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 LCSP), de data 12 de xuño de 2024, asinado polos arquitectos municipais Juan Luis Piñeiro Ferradás e David Carvajal Rodríguez-Cadarso.
- Declaración dos redactores do prego de prescricións técnicas particulares de data 12 de xuño de 2024.
- Memoria xustificativa, de data 14 de xuño de 2024, relativa aos seguintes extremos:
 - Xustificación da non división do contrato en lotes (artigo 99.3 da LCSP).
 - Xustificación da insuficiencia de medios (artigo 116 LCSP).
 - A xustificación do procedemento elixido (artigo 116.4 LCSP) resulta innecesaria por tratarse dun procedemento aberto.
 - Xustificación do prazo de duración do contrato e de execución da prestación (artigo 29 LCSP).
 - Xustificación da solvencia que se esixirá aos licitadores entre os medios previstos nos artigos 87 a 91 LCSP.
 - Xustificación dos medios persoais e materiais esixidos (artigo 76.2 LCSP).
 - Xustificación da elección dos criterios de adxudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP); así como a xustificación das fórmulas de valoración (artigo 146.2LCSP).
 - Xustificación da non necesidade de fixar un prazo de garantía (artigo 67.2.t RLCAP).
 - Lugar de entrega das prestacións obxecto do contrato (artigo 67,5.f e 67.7.e RLCAP).
 - Xustificación das condicións especiais de execución (artigos 116.4.c) e 202 LCSP).
- Informe da Área de Contratación, asinado en data 20 de xuño do 2024, con indicación de que o expediente reúne toda a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública.
- Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, asinado o 20 de xuño de 2024, redactado polo Servizo de Contratación

Fundamentos de dereito

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da

LCSP, iniciárase polo Órgano de Contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 desta lei. No Concello de Vigo esta competencia esta delegada por acordo da Xunta de Goberno Local de 22 de xuño de 2023 nos concelleiros de Área. O concelleiro-delegado de Deportes mediante resolución de 10.03.2023, autorizou o inicio da tramitación deste expediente de contratación, de acordo co acordo da Xunta de Goberno Local de data 20.06.2019., vixente daquela.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1705 /1102

Segundo.- Dado o obxecto, o tipo de contrato é de servizos (art. 17 LCSP). O procedemento elixido para a contratación é o procedemento aberto con multiplicidade de criterios de adxudicación (art.145.3 LCSP) e tramitación ordinaria.

Terceiro.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e no mesmo consta, tal e como prevé o artigo 116 apartados 2 e 3 da LCSP o prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas.

Cuarto.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato, de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

Quinto.- Na memoria xustifícase a non división en lotes (artigo116.4.g) LCSP), o prezo e a súa xustificación (artigo 100 e seguintes LCSP), o prazo de duración e de execución (art. 29 LCSP), o valor estimado do contrato (artigo 116.4.d) LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), as condicións especiais de execución (art. 202.1 LCSP), o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril).

Sexto.- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartado 8 da LCSP e a disposición adicional oitava, apartado e) da Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), requírese o informe preceptivo da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Sétimo.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe de fiscalización previa, incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo á aprobación polo órgano de contratación.

Oitavo.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na Disposición adicional segunda apartado 11 da LCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Noveno.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle a Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª .4 LCSP)

A vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

ACORDO:

Primeiro: aprobar o expediente de “**CONTRATACIÓN POR PROCEDIMENTO ABERTO DO SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA PARA O ESTUDO DO ESTADO DOS VESTIARIOS DOS CAMPOS DE FÚTBOL MUNICIPAIS E A REDACCIÓN DE PROPOSTAS PARA A SÚA RENOVACIÓN. EXPTE NÚM. 22544-333**”, a través do

procedemento aberto con multiplicidade de criterios de adxudicación (art.145.3 LCSP) e tramitación ordinaria.

Segundo: aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares de data 12 de xuño de 2024 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares de data 20 de xuño de 2024.

Terceiro: autorizar o gasto polo importe máximo de licitación de **37.752 euros con IVE, sendo o IVE 6.552 euros**, para a anualidade 2024.

O contrato financiarase con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

- Partida 3420 2270600 “Estudios e Traballos técnicos”, para a FASE 1. Informe do estado actual e proposta de intervención. Importe máximo, IVE incluído: 15.427,50 €.

- Partida 3420.2270602 “Redac. Proxectos mellora inst. Campos fútbol”, para FASE 2. Redacción dun proxecto básico de vestiario tipo modular e proposta de implantación en cada un dos campos de fútbol nos que se considere preciso construílos. Importe máximo, IVE incluído: 22.324,50 €.

Cuarto: abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(508).- DAR CONTA DA SUBROGACIÓN E INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE “OCCIDENT GCO, S.A.U. DE SEGUROS Y REASEGUROS” POLO SERVIZO DE ASEGURAMENTO DE VEHÍCULOS A MOTOR E REMOLQUES DO PARQUE MÓBIL MUNICIPAL DURANTE O ANO 2024. EXPTE. 14838/445.

Visto o informe de fiscalización de data 10/06/2024, sométese a aprobación o informe-proposta do 30/04/2024, asinado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos, a técnica de xestión, o xefe da Área de Servizos Xerais, o xefe do servizo xurídico de Servizos Xerais, e conformado polo concelleiro de Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local en data 03.12.2021 acordou adxudicar á Mercantil SEGUROS BILBAO COMPAÑÍA ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS (A-48.001.648) o procedemento aberto para a contratación de seguros para os vehículos a motor e remolques do parque móbil municipal do Concello de Vigo (14.838-445) por un importe máximo de 335.468,80 euros (exento de IVE). O contrato foi asinado o 29 de decembro de 2021, iniciándose a prestación o 1 de xaneiro de 2022 por



CONCELLO DE VIGO

Expte.1705 /1102

un período de dous anos, (do 01.01.22 ao 31.12.23), coa posibilidade de dúas prórrogas dun ano de duración cada unha. (Expte. 14838-445).

Segundo.- En data 03.08.2023, dende o servizo xestor do contrato, iníciase os trámites administrativos co obxecto de prorrogar o devandito contrato, polo que notifícase o preaviso de prórroga do contrato do servizo de seguros para os vehículos a motor e remolques do parque móbil do Concello de Vigo, por un período dun ano a contar dende a finalización do presente contrato, de conformidade co establecido no artigo 29.9 da lei 9/2017, de 8 de Novembro de Contratos do Sector Público (LCSP).

Así mesmo con data 14.09.2023 procedese a asinar o correspondente informe proposta para a aprobación da devandita prórroga pola Xunta de Goberno Local. Dita proposta foi remitida previamente para informe da Asesoría Xurídica e da Intervención, sendo emitidos os correspondentes informes favorables con datas do 28.09.2023 por parte da Asesoría Xurídica e con data 03.10.2023 o correspondente á Intervención Xeral.

Consta no expediente con data 21.09.2023 conformidade a proposta de prórroga por parte da Mercantil SEGUROS BILBAO COMPAÑÍA ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS.

Terceiro.- A Lei 50/1980, de 8 de outubro, de Contrato de Seguro, no seu artigo 22, establece que:

“1. La duración del contrato será determinada en la póliza, la cual no podrá fijar un plazo superior a diez años. Sin embargo, podrá establecerse que se prorrogue una o más veces por un período no superior a un año cada vez.

2. Las partes pueden oponerse a la prórroga del contrato mediante una notificación escrita a la otra parte, efectuada con un plazo de, al menos, un mes de anticipación a la conclusión del período del seguro en curso cuando quien se oponga a la prórroga sea el tomador, y de dos meses cuando sea el asegurador.”

Polo que ao non existir notificación escrita entra as partes, en oposición a prórroga do contrato, o contrato renovouse automaticamente, por un período dun ano, dende as 00:00 horas do 01.01.2024 ata o 31.12.2024, sen modificacións das condicións do contrato do seguro.

Cuarto.- A vista destes antecedentes, debese indicar que debido a un erro administrativo, dita proposta de prórroga non foi remitida para a súa aprobación ante a Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, polo cal a súa vixencia quedou finalizada o pasado 31 de decembro de 2023, aínda que a causa das circunstancias sobrevidas, e a tenor do artigo 22 da Lei 50/1980 de Contrato de Seguro, produciuse a renovación automática da póliza, en consecuencia a súa regulación, a partires dese intre, non se rexerá pola cláusula 2 do PCAP que establece a natureza e réxime xurídico do contrato en base a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, senón que pasaría a regularse o actual contrato pola Lei 50/1980, de 8 de outubro, de Contrato de Seguro, ao tratarse dun contrato privado entre as partes.

Quinto.- En data 15.01.2024, a empresa WILLIS IBERIA CORREDURÍA DE SEGUROS E REASEGUROS, S.A., a través do contrato de mediación de seguros privados (Expte. 6739-241), emite informe en relación a situación actual do contrato de seguros para os vehículos a motor e remolques do parque móbil municipal do Concello de Vigo (14.838-445), indicando o seguinte:

“O actual contrato de seguros para os vehículos a motor e remolques do parque móbil municipal do Concello de Vigo, queda regulado a través do Expediente 14838-445. O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, PCAP, para a contratación do seguro dos vehículos a motor e remolques do parque móbil municipal do Concello de Vigo, establece:

Natureza e réximen xurídico do contrato:

Conforme a Cláusula 2 do PCAP, se recolle que:

1.- Este contrato ten a consideración de contrato privado consonte ao disposto nos artigos 24 e 26 da LCSP.

2.- Terán carácter contractual, pola orde de prelación na que se indican, os seguintes documentos:

- > O presente prego de cláusulas administrativas particulares*
- > O prego de prescricións técnicas*
- > A oferta do Adxudicatario*
- > O documento no que se formalice o contrato*

3.- Sen prexuízo do disposto con carácter xeral para os contratos das Corporacións Locais, o presente contrato rexerese, en primeiro lugar polas súas normas específicas, en concreto o presente prego. Seranlle de aplicación tamén as seguintes normas:

- > Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.*
- > Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.*
- > Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro (no sucesivo, RXLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017.*

4.- Este contrato está sometido a regulación harmonizada consonte ao disposto no artigo 19.1 e 25.1.a).1º e 26.2 da LCSP.

Duración:

Conforme a Cláusula 7 do PCAP, se recolle que:

1.- O prazo de execución do contrato será de dous anos.

2.- Este contrato poderá ser obxecto de dúas prórrogas, dun ano de duración cada unha.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1705 /1102

3.- Non se poderá iniciar a execución do contrato sen a súa previa formalización.

4.- A data de inicio do contrato será o 1 de xaneiro de 2022. Esta data poderá ser modificada en función da data de adxudicación do contrato, fixando como primeiro día da cobertura da póliza o seguinte á sinatura do contrato.

O prazo de execución do contrato de dous anos está comprendido polo período do 01.01.22 ata 31.12.23. Una vez finalizada a vixencia prevista do prazo de execución de dous anos, o contrato poderá ser obxecto de dúas prórrogas dun ano de duración cada unha.

Conforme establece o artigo 29 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público que regula o prazo de duración dos contratos e de execución da prestación, se recolle no apartado Segundo o seguinte:

“2. El contrato podrá prever una o varias prórrogas siempre que sus características permanezcan inalterables durante el período de duración de estas, sin perjuicio de las modificaciones que se puedan introducir de conformidad con lo establecido en los artículos 203 a 207 de la presente Ley. La prórroga se acordará por el órgano de contratación y será obligatoria para el empresario, siempre que su preaviso se produzca al menos con dos meses de antelación a la finalización del plazo de duración del contrato, salvo que en el pliego que rija el contrato se establezca uno mayor.

Quedan exceptuados de la obligación de preaviso los contratos cuya duración fuera inferior a dos meses.

En ningún caso podrá producirse la prórroga por el consentimiento tácito de las partes.”

Dado que o actual contrato de seguros para os vehículos a motor e remolques do parque móbil municipal do Concello de Vigo non foi prorrogado formalmente polo órgano de contratación, a vixencia do mesmo quedou finalizado o pasado 31 de Decembro do 2024, o non ser posible unha prórroga tácita polas partes.

Tendo en conta que este contrato non foi prorrogado, a vixencia do mesmo quedaría finalizada o finalizar o prazo de execución dos dous anos previsto no PCAP, polo que a regulación do mesmo a partir de ese momento xa non rexirá pola cláusula 2 do PCAP que establece a natureza e réximen xurídico do contrato en base a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Por tanto, pasaría a regularse o actual contrato pola Lei 50/1980, de 8 de outubro, de Contrato de Seguro o ser considerado un contrato privado entre as partes.

Conforme a Lei 50/1980, na sección cuarta, establece a duración do contrato e a prescripción dos seguros. En concreto nos apartados 1,2 e 3 do artigo 22, se recolle:

“1. La duración del contrato será determinada en la póliza, la cual no podrá fijar un plazo superior a diez años. Sin embargo, podrá establecerse que se prorrogue una o más veces por un período no superior a un año cada vez.

2. Las partes pueden oponerse a la prórroga del contrato mediante una notificación escrita a la otra parte, efectuada con un plazo de, al menos, un mes de anticipación a la conclusión del período del seguro en curso cuando quien se oponga a la prórroga sea el tomador, y de dos meses cuando sea el asegurador.

3. El asegurador deberá comunicar al tomador, al menos con dos meses de antelación a la conclusión del período en curso, cualquier modificación del contrato de seguro.”

Por tanto, o artigo 22 rixe para o actual contrato de seguro dos vehículos a motor e remolques do parque móbil municipal do Concello de Vigo, onde ningunha das partes presentaron formalmente oposición a prórroga do contrato, nin por parte do Tomador do Seguro, Concello de Vigo, nin tampouco por parte do Asegurador, Seguros Bilbao Compañía Anónima de Seguros e Reaseguros, nos prazos establecidos neste artigo.

Ademáis, o asegurador, Seguros Bilbao Compañía Anónima de Seguros e Reaseguros, tampouco procedeu a comunicar o Concello de Vigo notificación algunha que implicara unha modificación do contrato do seguro conforme establece o apartado 3 do artigo 22 da Lei 50/1980, concluimos:

CONCLUSIÓN:

En base o recollido no presente informe, a renovación do seguro para os vehículos a motor e remolques do parque móbil municipal do Concello de Vigo para a anualidade 2024 quedará regulada pola Ley 50/1980 de 8 de Octubre do Contrato do Seguro, e tendo en conta que conforme o establecido no artigo 22 da Lei 50/1980, onde ningunha das partes presentou comunicación de oposición a prórroga, enténdese que o contrato queda prórrogado baixo os mesmo términos e condicións, atopándose o mesmo en vigor desde as 0:00 horas do 1 de Xaneiro do 2024 e ata as 0:00 horas do 1 de Xaneiro do 2025.”

Sexto.- Por outra banda, respecto o réxime de pagos do devandito contrato, o PCAP na súa clausula 32 establecía:

Para o abono da prima, o adxudicatario do contrato deberá presentar un único recibo, polo prezo total correspondente a suma de todas as pólizas individuais correspondentes á totalidade dos vehículos indicados no Anexo I do PPTP, así como calquera outro importe correspondente as obrigas complementarias deste contrato cando as mesmas teñan un carácter xeral. Dito recibo será presentado dentro do prazo do primeiro mes dende a formalización do contrato, debendo ter entregadas con anterioridade os certificados e pólizas dos seguros individuais para cada vehículo.

2.- O importe satisfarase por cada anualidade do contrato ó comenzo da prestación do servizo. Previa a emisión da factura entregarase toda a documentación, condicións técnicas ou cláusulas do seguro, así como o número de póliza e a información necesaria sobre a tramitación dos accidentes ou lesións.

3.- Sen prexuízo do anterior, o final de cada anualidade se levarán a cabo as liquidacións pertinentes por mor das altas e baixas que se rexistren. A estes efectos, antes do 30 de novembro o adxudicatario deberá presentar recibo de regularización co detalle das altas de aplicación e baixas coas primas/extornos desagregados. Unha vez revisado pola corretoría do Concello de Vigo e coa



CONCELLO DE VIGO

Expte.1705 /1102

conformidade do Responsable do contrato, realizarase por parte da compañía adxudicataria o abono/extorno do mesmo antes do 10 de decembro de cada anualidade do contrato.

Sétimo.- En data de entrada 27.02.2024 no rexistro electrónico do Concello de Vigo, a empresa OCCIDENT GCO, S.A.U. DE SEGUROS Y REASEGUROS comunica que con data 28 de decembro de 2023 formalizouse a fusión entre OCCIDENT GCO, S.A.U. DE SEGUROS Y REASEGUROS con CIF A28119220 (sociedade absorbente) e a entidade SEGUROS BILBAO COMPAÑÍA ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS con CIF A48001648 (sociedade absorbida). Achega escritura de fusión por absorción e de cambio de denominación social outorgada ante o notario D. Miquel Tarragona Coromina o 28 de decembro de 2023 co número 3.038 do seu protocolo.

Oitavo.- En data 29.02.2024 o responsable do contrato emite informe indicando que por parte da empresa aseguradora se han entregado os certificados e pólizas dos seguros individuais para cada vehículo.

Noveno.- En data 25.04.2024, presentase pola entidade Occident GCO, S.A.U. de Seguros y Reaseguros (A-28119220) través de FACE factura nº APSB000202400000793 por importe de 102.600 €, en concepto de total cartera del 31.12.2023 al 31.12.2024.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- Respecto da sucesión do contratista.- O artigo 98.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 establece que “Nos casos de fusión de empresas nos que participe a sociedade contratista, continuará o contrato vixente coa entidade absorbente ou coa resultante da fusión, que quedará subrogada en todos os dereitos e obrigas dimanantes do mesmo.”

Segundo.- Respecto da convalidación das actuacións municipais e da disposición do gasto.-O artigo 2 do Real Decreto Legislativo 8/2004, de 29 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos a motor, establece o deber de subscrición e mantemento dun seguro obrigatorio para todo propietario de vehículos a motor que teña o seu estacionamento habitual en España, polo que o Concello de Vigo, como titular da flota municipal de vehículos de motor, atópase obrigado a súa subscrición e mantemento.

Esta obriga de subscrición e mantemento dun seguro obrigatorio para os vehículos a motor e remolques do parque móbil municipal do Concello de Vigo atópase vinculada coas competencias previstas polo artigo 25.2 da Lei 7/1985, reguladoras das bases de réxime local, na redacción dada pola Lei 27/2013, e o artigo 80.2 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia.

En base ao exposto, a necesidade de contar cunha póliza de seguros en vigor que cubra os riscos derivados do funcionamento e actividade da frota de vehículos municipais constitúese como unha obriga do Concello de Vigo.

Terceiro.- As actuacións levadas a cabo polo Concello no propio expediente, en canto a iniciación e tramitación da correspondente prórroga do contrato, que por erro administrativo non concluíron na aprobación formal da prórroga polo órgano de contratación, e a imposibilidade de suspender o servizo de aseguramento dos vehículos a motor e remolques do parque móbil municipal do Concello de Vigo, e a súa renovación automática en base ao artigo 22 da Lei 50/1980 de 8 de Outubro do Contrato do Seguro, comprometeron un gasto obrigatorio con irregularidades procedimentais que non implican falta de crédito adecuado e suficiente, nin ausencia total do procedemento o que conleva a súa anulabilidade.

Cuarto.- A prestación do servizo foi realizada a satisfacción do Concello polo que existindo crédito adecuado e suficiente, tratándose dunha actuación anulable procedería a convalidación das ditas actuacións e o pago dunha indemnización substitutiva a favor de SEGUROS BILBAO COMPAÑÍA ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS, actualmente OCCIDENT GCO, S.A.U. DE SEGUROS Y REASEGUROS, polo servizo de aseguramento dos vehículos a motor e remolques do parque móbil municipal do Concello de Vigo, e isto a fin de evitar un enriquecemento inxustificado desta a Administración Municipal.

De conformidade coa base 28 das Bases de Execución do Orzamento para o exercicio 2024, segundo a cal “Os expedientes de gasto que non sexan obxecto da correspondente tramitación, autorización e fiscalización, e consecuentemente o recoñecemento das débedas a que dean orixe, e incluso as débedas adquiridas fora de calquera procedemento así como as nadas fora do orzamento, serán obxecto de indemnización substitutiva e recoñecemento extraxudicial de créditos polo Pleno da Corporación se non existise crédito adecuado e suficiente, e pola Xunta de Goberno Local, ou Xunta Reitora dos OO.AA., nos demais casos”

Quinto.- Tendo en conta as obrigas derivadas das propias competencias municipais, e de acordo co apartado primeiro a) en relación ao Parque Móbil, recollido no decreto de delegacións de competencias asinado polo Alcalde de Vigo con data 30 de xuño de 2023, correspóndelle a Área de Goberno de Fomento e Servizos, entre outras cuestións: “Control e supervisión da ordenación, xestión e administración da flota de vehículos do Parque Móbil municipal”.

En base ao exposto, e de conformidade co réxime de atribucións en materia de xestión económica establecido no artigo 127.1 g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, e en base ao exposto elévase a Xunta de Goberno Local a seguinte:



CONCELLO DE VIGO

Expte.1705 /1102

PROPOSTA DE ACORDO:

Primeiro.- Tomar razón da fusión por absorción de Occident GCO, S.A.U. de Seguros y Reaseguros con CIF A28119220 (sociedade absorbente) e a entidade SEGUROS BILBAO COMPAÑÍA ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS con CIF A48001648 (sociedade absorbida) e, polo tanto, a primeira delas subrógase en todos os dereitos e obrigas resultantes do servizo de aseguramento de vehículos a motor e remolques do parque móbil municipal do Concello de Vigo.

Segundo.- Convalidar as actuacións municipais de prórroga do contrato de seguros de referencia e autorizar e dispoñer o gasto polo servizo de aseguramento de vehículos a motor e remolques do parque móbil municipal do Concello de Vigo por importe de 102.600 euros, polo período comprendido entre 1 de xaneiro de 2024 e ata o 31 de decembro de 2024 .

Así mesmo, e tendo en conta a obriga de regularización do citado importe, antes do 30 de novembro de 2024, a empresa OCCIDENT GCO, S.A.U. DE SEGUROS Y REASEGUROS deberá presentar a proposta de regularización co detalle das altas de aplicación e baixas coas primas/extornos desagregados. Dita proposta de regulación deberá ser revisada pola correeduría do Concello de Vigo e coa conformidade do servizo xestor do contrato, realizarase por parte da compañía adxudicataria o abono/extorno do mesmo antes do 10 de decembro de 2024.

Terceiro.- De conformidade coa Base 28 das de execución orzamentaria para o ano 2024 recoñecer e liquidar as obrigas municipais para con OCCIDENT GCO, S.A.U. DE SEGUROS Y REASEGUROS ("Occident"), como consecuencia do servizo de aseguramento dos vehículos a motor e remolques do parque móbil municipal do Concello de Vigo polo período comprendido entre 1 de xaneiro de 2024 e ata as 00:00 h do 1 de xaneiro de 2025, e aprobar a indemnización substitutiva de gastos a favor de dita entidade por un importe total de 102.600 euros.

Cuarto.- Ordenar o pago a favor de OCCIDENT GCO, S.A.U. DE SEGUROS Y REASEGUROS ("Occident"), polo importe de 102.600 euros con cargo á aplicación orzamentaria 9202 224 00 00, a cal conta con crédito adecuado e suficiente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(509).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ADECUACIÓN DE PARCELAS PARA CUMPRIMENTO DA LEI DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS DE GALICIA. EXPTE. 50842/446.

Visto o informe xurídico do 24/06/2024 e o informe de fiscalización do 28/06/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 21/06/2024, asinado pola adxunta ao xefe de servizo de Montes, Parques e Xardíns e o xefe do servizo de

Montes, Parques e Xardíns, e conformado polo concelleiro da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- En data 22 de xaneiro de 2024, a adxunta ao xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns, o xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns e o concelleiro da Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais, co conforme do concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, asinan informe xustificativo da necesidade e orde de inicio do procedemento aberto suxeito á regulación harmonizada para a contratación do servizo de *Adecuación de Parcelas para Cumprimento da Lei de Prevención e Defensa dos Incendios Forestais de Galicia* (expte. 50842/446).

2.- En data 23 de xaneiro de 2024, asínase pola adxunta ao xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns, o xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns e o concelleiro da Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais, co conforme do concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda de data 6 de febreiro de 2024, a memoria económica (MEC).

Dita memoria foi modificada en data 9 de maio de 2024.

3.- En data 30 de xaneiro de 2024, a Dirección Superior Contable e Orzamentación-Intervención do Concello de Vigo emite documento económico de retención de crédito, RC 202400007141, por importe de 85.500,00€, correspondente ao período 19/07/2024 a decembro de 2024, e RCFUT1 202400007142, por importe de 300.000,00€, correspondente ao ano 2025, e ao período comprendido dende xaneiro de 2026 ao 18/07/2026.

4.- O Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP), de data 9 de maio de 2024, asínase pola adxunta ao xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns e polo xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns.

5.- A memoria xustificativa (MEX), de data 7 de xuño de 2024, asínase pola adxunta ao xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns e polo xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns, co conforme do concelleiro da Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais, da mesma data.

6.- En data 20 de xuño de 2024, a técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación e a xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos emiten informe sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.

7.- O Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) asínase pola técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación e pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos, con data 20 de xuño de 2024.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1705 /1102

8.- O presente contrato non está previsto no plan anual de contratación, pero atópase contemplado no orzamento vixente, constando no expediente de contratación os seus documentos contables correspondentes (RC nº 202400007141 e RCFUT1 nº 202400007142).

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro (no sucesivo, RXLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (LALGA).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no art artigo 116.1 da LCSP iniciárase polo Órgano de Contratación. No Concello de Vigo, esta competencia está delegada, por acordo da Xunta de goberno Local de data 22 de xuño de 2023 nos concelleiros delegados de Área de Goberno e nos concelleiros delegados. O concelleiro delegado da Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais, en resolución de 22 de xaneiro de 2024, autorizou o inicio deste expediente de contratación.

Segundo.- Dado o obxecto do contrato, tal e como se dispón no artigo 17 da LCSP trátase dun contrato de servizos e, en concreto, de servizos en función das necesidades da Administración con orzamento máximo (Disposición adicional 33ª da LCSP).

Terceiro.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel constan, tanto o prego de cláusulas administrativas particulares, como o de prescricións técnicas, que rexerán o contrato, tal e como se sinala no artigo 116 da LCSP.

Cuarto.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato, de conformidade cos artigos 028 e 116.1 da LCSP.

Quinto.- Na memoria xustificativa xustifícase a non división en lotes (artigo 116.4.g LCSP), o prezo e a súa xustificación (100 e seguintes LCSP), o valor estimado do contrato (116.4.d LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), os criterios de solvencia (116.4.c), as condicións especiais de execución (202.1) e o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

O procedemento elixido para a contratación é o aberto suxeito a regulación harmonizada e a forma de tramitación do expediente é a ordinaria, conforme ao disposto nos artigos 116, 131.2 e 156 da LCSP, toda vez que o seu **valor estimado é 649.173,57€**.

Sexto.- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartados 8 da LCSP, e a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), requírese o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Octavo.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe da fiscalización previa, incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

Noveno.- A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada de tramitación ordinaria, do contrato de servizos para **ADECUACIÓN DE PARCELAS PARA CUMPRIMENTO DA LEI DE PREVENCIÓN E DEFENSA DOS INCENDIOS FORESTAIS DE GALICIA**, así como o prego de prescricións técnicas particulares, asinado na data 9 de maio de 2024 e o prego de



CONCELLO DE VIGO

Expte.1705 /1102

cláusulas administrativas particulares para a contratación por este procedemento asinado en data 20 de xuño de 2024.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto de **385.500,00€**, que inclúe un IVE de 66.904,96 €, o cal se imputará á aplicación orzamentaria 1710.2279900 "DESBROCE E LIMPEZA DE MASA VEXETAL FINCAS RISCO INCENDIO", distribuído nas seguintes anualidades:

| ANUALIDADE | Importe con IVE |
|-------------------|------------------------|
| 2024 | 85.500,00 € |
| 2025 | 200.000,00 € |
| 2026 | 100.000,00 € |
| Total | 385.500,00 € |

TERCEIRO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.

Os asinantes subscriben declaración de non estar incurso en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24 de febreiro de 2021 e do 3 de marzo de 2021 para os empregados públicos, en execución do O.O.3 "Reforzar a Integridade nos procesos", Liña Estratéxica 3, "Racionalizar e reforzar a integridade nos procesos", Obxectivo Estratéxico 3.4, "Apoiar e favorecer a integridade durante o proceso", Acción 3.4.1.1, do Plan de Integridade na Contratación aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 12.12.2019.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(510).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZOS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DE AXENDA URBANA NO CONCELLO DE VIGO E A ANÁLISE E SEGUIMENTO DAS DISTINTAS CONVOCATORIAS E PROGRAMAS EUROPEOS E OUTRAS CONVOCATORIAS NACIONAIS E INTERNACIONAIS. EXPTE. 671/441.

Visto o informe xurídico do 24/06/2024 e o informe de fiscalización do 27/06/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 21/06/2024, asinado pola técnica

de xestión e o xefe da Área de Inversións, e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES.

I.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 16 de xullo de 2021 entre outros asuntos acordou adxudicar a UTE KHORA URBAN CONSULTING, S.L. - EPTISA SERVICIOS DE INGENIERÍA, S.L. (B-87.798.146 e B-85.097.962) o procedemento aberto para a contratación dos servizos para o desenvolvemento do proxecto de axenda urbana no Concello de Vigo e a análise e seguimento das distintas convocatorias e programas europeos e outras convocatorias nacionais e internacionais (671-441).

II.- De acordo co indicado no apartado 4.a) das FEC recollidas no PCAP da licitación, o prazo do contrato é de tres anos, contado a partir do día seguinte ao da última sinatura dixital, e así mesmo o apartado 4.c) indica a opción dunha prórroga dun ano de duración.

III.- Con data 11 de agosto do 2021 o Concello de Vigo formalizou o contrato coa UTE KHORA URBAN CONSULTING, S.L. - EPTISA SERVICIOS DE INGENIERÍA, S.L., polo cal o prazo deste contrato finaliza o vindeiro 11.08.2024.

IV.- Con data 31.03.2022 a Concelleira de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, previo informe asinado polo Xefe da Área de Inversións en data 30.03.2022, acordou iniciar o procedemento para a modificación do procedemento aberto para a contratación dos servizos para o desenvolvemento do proxecto de axenda urbana no concello de Vigo e a análise e seguimento das distintas convocatorias e programas europeos e outras convocatorias nacionais e internacionais.

V.- Con data 28.04.2022 a Xunta de Goberno Local acordou:

“1º.- Modificar o procedemento aberto para a contratación dos servizos para o desenvolvemento do proxecto de axenda urbana no concello de Vigo e a análise e seguimento das distintas convocatorias e programas europeos e outras convocatorias nacionais e internacionais, por mor das circunstancias recollidas no fundamento xurídico II deste informe.

2º.- A modificación consiste en:

a.- Un incremento das horas de prestación do servizo, motivado pola necesidade de axilizar os prazos de execución para poder cumprir coa obriga de ter finalizado o proceso de elaboración do proxecto Piloto antes do 13 de setembro de 2022. Este incremento de horas implica un incremento do importe total do contrato de 97.181,04 euros, (IVE incluído), que aboarase con cargo á aplicación orzamentaria 1532.227.06.02 e a súa bolsa de vinculación. Esta modificación representa un 37,23% do prezo do contrato.

b.- Incluír no apartado 16.B da FEC como obrigas do adxudicatario para as actuacións vinculadas o financiamento dos Fondos do Plan de Recuperación, Transformación e



CONCELLO DE VIGO

Expte.1705 /1102

Resiliencia-Next GenerationEU, en relación a subvención do Proxecto Piloto da Axenda Urban, de acordo coa normativa de aplicación as seguintes:

- Obriga de cumprimentar a Declaración de Ausencia de Conflito de Intereses (DACI), así como para os subcontratistas de ser o caso.
- Adopción de medidas dirixidas a previr, detectar, comunicar y corrixir o fraude e a corrupción.
- Cumprir coas obrigas comunitarias e nacionais relacionadas co financiamento do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia da UE.
- Estará suxeito ás medidas de control e auditoría recollidas no Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.
- Para efectos de auditoría e control e en función do disposto no artigo 22 do Regulamento (UE) 2021/241 relativo ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, deberá dispoñer dos datos dos subcontratistas e dos destinatarios finais do prezo do contrato.
- Obrigas en materia de información, comunicación e publicidade contempladas no artigo 34 do Regulamento (UE) 2021/241, relativo ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, sobre financiamento comunitario das medidas incluídas no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. E de forma específica o cumprimento dos compromisos en materia de comunicación, encabezamentos e logos que se conteñen no artigo 9 da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro.
- Obriga de que, na execución das actuacións contratadas, non se vexa prexudicado de forma significativa o medio ambiente, de conformidade co artigo 17 do Regulamento (UE) 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xuño de 2020, relativo ao establecemento dun marco para facilitar investimentos sostibles e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2019/2088.
- Cumprimento da Guía Técnica de aplicación do principio de “non causar danos significativos” do Regulamento do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (2021/C 58/01), así como do resto de normativas ambientais da Unión e nacional.
- O adxudicatario do contrato queda suxeito, ademais da normativa relativa ao PRTR e o que resulte de aplicación en materia de contratación, cumprimento obriga de achega específica por parte do contratista e dos subcontratistas, da información relativa ao titular real do beneficiario final dos fondos no formulario previsto no artigo 10 da Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, incluíndo; NIF do beneficiario, Nome da persoa física ou razón social da persoa xurídica e Domicilio fiscal da persoa física ou xurídica.
- Declaración expresa do compromiso co cumprimento do “Plan antifraude” do Concello de Vigo, aprobado pola Xunta de Goberno Local na sesión extraordinaria e urxente de data 11 de marzo de 2022.

c.- Modificar as obrigas para o responsable do contrato previstas na cláusula 1.3 do PCAP incluíndo as seguintes:

- Deberá establecer mecanismos que garantan que as actuacións a realizar por terceiros contribúan á consecución das actuacións previstas e que ditos terceiros faciliten a información que, no seu caso, sexa necesaria para determinar o cumprimento das obrigas determinadas pola compoñente do PRTR de aplicación na

execución deste contrato en relación a: "Fitos" e "obxectivos", criterios de etiquetaxe verde e etiquetaxe dixital, criterios dos posibles impactos negativos significativos sobre o medio ambiente (non facer dano significativo, DNSH), identificación do destinatario final dos fondos, ben como beneficiario da axuda, ben como adxudicatario dun contrato ou subcontratista, así como a identificación das actuacións de comunicación relacionadas coas obrigas do PRTR.

- *Informar ao Comité técnico de Programa Municipal Fondos PRTR, do seguimento da execución das actuacións obxecto do contrato, de xeito que se poida coñecer en cada momento o nivel de consecución de cada actuación e os fitos e obxectivos que se establezan ao respecto en cumprimento das obrigas determinadas pola compoñente do PRTR de aplicación na execución deste contrato en relación a: "Fitos" e "obxectivos", criterios de etiquetaxe verde e etiquetaxe dixital, criterios dos posibles impactos negativos significativos sobre o medio ambiente (non facer dano significativo, DNSH), identificación do destinatario final dos fondos, ben como beneficiario da axuda, ben como adxudicatario dun contrato ou subcontratista, así como a identificación das actuacións de comunicación relacionadas coas obrigas do PRTR."*

A modificación do contrato foi formalizada en data 19.05.2022.

VI.- Tal e como se sinala no informe asinado polo Xefe da Área de Inversións en data 30.03.2022, a devandita modificación do contrato unicamente implicou un incremento do prezo do contrato de 97.181,04 € para a anualidade 2022, non afectando o resto de anualidades do contrato.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS.

Primeiro.- O artigo 29.2 da Lei 9/2017, 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro (LCSP), establece que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas, sen prexuízo das modificacións que se poidan introducir de conformidade co establecido nos artigos 203 a 207 da lei.

A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu aviso previo se produza polo menos con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato, salvo que no prego que rexe o contrato se estableza un maior.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1705 /1102

Segundo.- O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares aprobado pola Xunta de Goberno Local establece expresamente na Cláusula 7.3 que o contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C da FEC, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo e o aviso previo se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Quedan exceptuados da obriga de aviso previo os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses.

O referido apartado 4 das FEC establece un prazo de execución do contrato de tres anos coa previsión no seu apartado C) dunha única prórroga dun ano de duración.

Terceiro.- Considérase conveniente polos técnicos que subscriben, a proposición da prórroga do contrato de servizos para o desenvolvemento do proxecto de axenda urbana no Concello de Vigo e a análise e seguimento das distintas convocatorias e programas europeos e outras convocatorias nacionais e internacionais, polo período dun ano toda vez que o funcionamento do servizo durante este prazo de execución foi satisfactorio cumpríndose correctamente as condicións establecidas á adxudicataria.

Cuarto.- Consta no expediente administrativo de referencia, o preaviso de prórroga notificado electronicamente á adxudicataria en data 28.05.2024 así como a súa conformidade á proposta de prórroga en data 30.05.2024. (Tte.970 e 978 do expediente dixital).

Quinto.- Ao abeiro do establecido na Disposición Adicional 2ª apartado 4 da LCSP a competencia como órgano de contratación corresponde á Xunta de Goberno Local.

Quinto.- O período da prórroga do contrato comprenderá dende o 12.08.2024 ata o 11.08.2025, sendo que o importe do contrato anual ascende a un total de OITENTA E SETE MIL EUROS (87.000,00 €) Ive engadido.

Sexto.- O importe da prórroga imputarase á aplicación orzamentaria 1532.227.06.02 “Asistencias e traballos técnicos”, segundo a seguinte distribución anual:

| PERÍODO | APLICACIÓN ORZAMENTARIA | IMPORTE |
|--------------------------------|-------------------------|------------|
| Do 12.08.2024 ata o 31.12.2024 | 1532.227.06.02 | 39.500,00€ |

| | | |
|--------------------------------|----------------|-------------------|
| Do 01.01.2025 ata o 11.08.2025 | 1532.227.06.02 | 47.500,00 € |
| | TOTAL | 87.000,00€ |

Polo exposto, e previo informe xurídico e de fiscalización da Intervención xeral **PROPONSE** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Aprobar a prórroga dun ano de duración do vixente contrato de servizos para o desenvolvemento do proxecto de axenda urbana no Concello de Vigo e a análise e seguimento das distintas convocatorias e programas europeos e outras convocatorias nacionais e internacionais (Expte. 671_441), formalizado coa entidade mercantil UTE KHORA URBAN CONSULTING, S.L. - EPTISA SERVICIOS DE INGENIERÍA, S.L. polo período comprendido dende o 12.08.2024 ata o 11.08.2025

Segundo- Autorizar o gasto estimado do contrato de servizos para o desenvolvemento do proxecto de axenda urbana no Concello de Vigo e a análise e seguimento das distintas convocatorias e programas europeos e outras convocatorias nacionais e internacionais (Expte. 671_441) en favor da entidade UTE KHORA URBAN CONSULTING, S.L. - EPTISA SERVICIOS DE INGENIERÍA, S.L. (U16754244) por importe de OITENTA E SETE MIL EUROS (87.000,00 €) Ive engadido, sendo a cota correspondente ao Ive de 15.099,17 € ; imputando o devandito gasto á aplicación orzamentaria 1532.227.06.02 “Asistencias e traballos técnicos”, segundo a seguinte distribución anual:

| PERÍODO | APLICACIÓN ORZAMENTARIA | IMPORTE |
|--------------------------------|-------------------------|-------------------|
| Do 12.08.2024 ata o 31.12.2024 | 1532.227.06.02 | 39.500,00€ |
| Do 01.01.2025 ata o 11.08.2025 | 1532.227.06.02 | 47.500,00 € |
| | TOTAL | 87.000,00€ |

Terceiro.- Notificar á empresa adxudicataria UTE KHORA URBAN CONSULTING, S.L. - EPTISA SERVICIOS DE INGENIERÍA, S.L. (U16754244) indicando que o presente acordo é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte a súa notificación, ou impugnalo directamente ante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous me-



CONCELLO DE VIGO

Expte.1705 /1102

ses, contados a partir do día seguinte á súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar, no seu caso calquera outro que estimen procedente.

Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Cuarto.- Remitir ao Consello de Contas a prórroga do contrato, en cumprimento do artigo 335.2 da LCSP.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(511).- RETRIBUCIÓN Á CONCESIONARIA DO SERVIZO PÚBLICO MUNICIPAL DE ABASTECIMENTO DE AUGA E SANEAMENTO DE VIGO - ANO 2020. EXPTE. 999/441.

Visto o informe xurídico do 25/03/2024 e o informe de fiscalización do 27/06/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 11/03/2024, asinado polo técnico de administración xeral, e conformado polo xefe dos servizos xurídicos da Área de Servizos Xerais e o concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- O Pleno do Concello de Vigo, en sesión de 25 de outubro de 1990, adxudicou á U.T.E. "SERAGUA-FOCSA VIGO", hoxe denominada "FCC AQUALIA VIGO UTE", a concesión da xestión integral do servizo público municipal de abastecemento de auga e saneamento de Vigo.

II.- O contrato foi formalizado en documento administrativo o día 8 de xaneiro de 1991, por un prazo de duración de vintecinco anos, a contar desde o 1 de xaneiro de 1991.

III.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 21 de novembro de 2011 acordou declarar a prórroga da concesión por un período de 5 anos, a partir do día seguinte ao do vencemento do contrato. Esta prórroga finalizou o 31 de decembro de 2020.

IV.- Con data 30 de decembro de 2020, a Xunta de Goberno acordou unha segunda prórroga da concesión por un período con vixencia de 5 anos, con efectos dende o 1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2025, con arranxo ás condicións económico-

administrativas do contrato, vinculada á execución e financiamento dun plan de investimentos durante o período da prórroga polos importes que se sinalan no primeiro apartado da parte dispositiva do acordo.

V.- No apartado segundo do acordo desta segunda prórroga, a Xunta de Goberno Local aprobou as magnitudes económicas que conforman a totalidade da retribución de FCC AQUALIA VIGO UTE, dende o ano 2008 ata o 2019, nos temos que se indican no informe económico de data 28.12.2020, incorporado ao expediente. No apartado terceiro da parte dispositiva desta resolución acordouse requirir a FCC AQUALIA VIGO UTE, as xustificacións das magnitudes económicas que conforman a retribución do ano 2020, de acordo ao establecido no devandito informe económico de data 28.12.2020, que, segundo vai dito, figura no expediente desta segunda prórroga.

VI.- Unha vez pechados os datos económicos do ano 2020 e co obxectivo de realizar a actualización do custe unitario e da liquidación económica do citado exercicio, tal e como prevé o acordo da Xunta de Goberno Local da segunda prórroga, o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento requiriu da concesionaria do Servizo de Augas a xustificación das magnitudes económicas que conforman a retribución do ano 2020; xustificación que como mínimo debería conter:

«a.- Volume anual medio tratado na EDAR do Lagares 2020 (m³ / h): Certificación e xustificación do volume anual medio real correspondente ao ano 2020 en (m³/h).

b.- Aplicación da recuperación dos investimentos.- Xustificación da inversión pendente de autorizar (a 31 de outubro de 2020) correspondente a 2020, e que acredite a documentación de pagamento ao provedor para adecuar a activación da inversión executada no modelo de recuperación financeira ate o 31.12.2020, en caso de existir diferencias entre o importe estimado e o real.

c.- Determinación do custe unitario de explotación- En relación ós cálculos para a determinación real do custe unitario do ano 2020, aos efectos do previsto nas cláusulas 85 e seguintes do Prego de Condicións Económico-Administrativas, solicítase:

- (H) Certificación do índice correspondente ó factor man de obra aplicable, incluída a efectividade da aplicación do incremento acordado en convenio.*
- (E) factor enerxía, e (S) factor materiais siderúrxicos, certificación dos índices aplicables por estes factores para 2020.*

d.- Certificación e xustificación dos ingresos cobrados no ano 2020 (identificando cales corresponden ao cobrado sobre a facturación do ano 2020 e cales se corresponden con ingresos de facturacións anteriores)».

VII.- Remitida pola concesionaria do servizo, o 25 de novembro de 2021, a documentación requirida, o xefe da Área de Investimentos, o técnico de administración especial-economista, a xefa de Inspección de tributos e a directora de Ingresos e Xestión Catastral Delegada, con data 30 de decembro de 2021 emitiron informe no seguinte senso:

“INFORME PARA A OBTENCIÓN DO CUSTE UNITARIO DE 2020 DA CONCESIÓN ADMINISTRATIVA DA XESTIÓN INTEGRAL DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO DE AUGAS



CONCELLO DE VIGO

Expte.1705 /1102

Constitúe o obxecto deste informe proceder á actualización do cálculo do custe unitario da concesión da xestión integral do servizo público municipal de abastecemento de auga e saneamento para o ano 2020, segundo o establecido no informe asinado con data de 28 de decembro de 2020 polo Xefe da área de Investimentos, a Directora de Ingresos e Xestión Catastral e a Dirección Superior Contable, sobre o estado económico da concesión administrativa da xestión integral do servizo de abastecemento e saneamento de augas, de acordo coa información presentada pola concesionaria Aqualia FCC Vigo UTE e o Informe de procedementos acordados sobre a revisión do modelo financeiro realizado por PricewaterhouseCoopers Auditores, S.L. (estes informes se atopan anexados ao expediente 742/441), todo isto de conformidade co disposto nas cláusulas 80 a 94 do prego de condicións económico-administrativas que regulan a concesión.

O Acordo da Xunta de goberno local de data de 30 de decembro de 2020 aprobou a o custe da concesionaria FCC AQUALIA VIGO UTE dende o ano 2008 ata o 2019, nos termos indicados no citado informe económico. No mesmo documento, requiriuse á concesionaria a xustificación das magnitudes económicas que determinan o modelo económico para o ano 2020.

O informe de 28 de decembro de 2020 realiza unha estimación do custe de 2020 cuantificando de modo aproximado algunhas magnitudes que non eran coñecidas na data do informe. Con posterioridade, o 25 de novembro de 2021 a concesionaria FCC AQUALIA VIGO UTE remitiu ao Concello a documentación pendente necesaria para o cálculo do custe do exercicio 2020:

- Índices finais aplicables ás fórmulas de actualización de prezos (aceiro e enerxía, índices a 31 de decembro de 2019)
- m³ tratados en promedio no EDAR Lagares en 2020.
- Índice EURIBOR para 2020.
- Volume final de investimentos aprobados en 2020.
- m³ totais facturados en 2020.
- Ingresos totais en 2020.

Para a elaboración do presente informe, procedeuse á comprobación destes datos e á súa incorporación para o cálculo do custe de explotación. Do mesmo modo, introducíronse as magnitudes reais para a actualización do modelo financeiro de recuperación do investimento (figura incorporado como anexo ao informe de 28 de decembro de 2020, e, cos datos finais de 2020, como Anexo ao presente informe).

1. CUSTE UNITARIO DE EXPLOTACIÓN.

O custe unitario de explotación estimado no informe de 28 de decembro de 2020 foi de 0,5576 €. Todas as magnitudes necesarias para o cálculo do custe unitario de explotación eran coñecidas nesa data, a excepción dos índices de prezos de materiais (aceiro e enerxía) a decembro de 2019. Cómpre polo tanto recalcular o índice de actualización de prezos definitivo con estes novos datos:

- Materiais siderúrxicos: 1.076,10 en lugar de 1.149,8.
- Enerxía: 3.316,90 en lugar de 3.319,50

A. Cálculo dos índices de revisión (Kt) para o custe unitario de explotación, desde a última revisión de prezos aprobada (2018)

| Ano | Man de obra | | Materiais Siderúrxicos | | Energía | | Gastos Xerais | | Termo Indep. | K(t) |
|------|-------------|--------|------------------------|----------|---------|----------|---------------|--------|--------------|-----------------|
| | a | H(t) | c | S(0) | b | E(t) | d | G(0) | e | |
| 2018 | | 121,13 | | 1.161,70 | | 3.159,50 | | 103,18 | | - |
| 2019 | 0,606 | 122,70 | 0,176 | 1.171,60 | 0,108 | 3.329,90 | 0,06 | 104,41 | 0,05 | 1,015913 |
| 2020 | | 124,05 | | 1.076,10 | | 3.316,90 | | 105,23 | | 1,008231 |

O índice “Kt” final para 2020 é **1,008231**, en lugar do estimado 1,019486. En ambos casos, o incremento dende a última revisión aprobada é inferior ao 2,5%, polo que non procede a revisión en 2020.

En consecuencia, o custe unitario de explotación para o ano 2020, que coincide có estimado, é de **0,5576 €/m³**. Esta cifra ven permanecendo inalterada dende o exercicio 2018.

2. CUSTE DE EXPLOTACIÓN DA NOVA EDAR LAGARES

O informe de 28 de decembro de 2020 estimaba o custe de explotación fixo e o custe de explotación variable da nova EDAR Lagares con dúas magnitudes provisionais:

- Os índices de prezos de materiais (aceiro e enerxía) necesarios para o cálculo do índice de revisión “Kt” tanto do custe fixo como do custe variable.
- O valor real do volume medio tratado en 2020, en m³ anuais, necesario para o cálculo do custe de explotación variable.

2.1. Custe de explotación fixo

A. Cálculo do índice de revisión (Kt) para os custes de explotación fixos da nova EDAR Lagares

| Ano | Man de obra | | Materiais Siderúrxicos | | Energía | | Gastos Xerais | | Termo Indep. | K(t) |
|------|-------------|--------|------------------------|----------|---------|----------|---------------|--------|--------------|-----------------|
| | a | H(t) | c | S(0) | b | E(t) | d | G(0) | e | |
| 2018 | | 121,13 | | 1.191,80 | | 3.111,00 | | 103,18 | | - |
| 2020 | 0,457 | 124,05 | 0,338 | 1.076,10 | 0,095 | 3.316,90 | 0,06 | 105,23 | 0,05 | 0,985696 |

O índice “Kt” final para os custes fixos en 2020 é **0,985696**, en lugar do estimado 1,006683. En ambos casos, o incremento dende o ano base é inferior ao 2,5%, polo que non procede a revisión.

En consecuencia, o custe de explotación fixo da nova EDAR Lagares para 2020, que coincide có estimado, e có total do ano 2019, é de **3.595.383 €**.

2.2. Custe de explotación variable

A. Cálculo do índice de revisión (Kt) para os custes de explotación variable da nova EDAR Lagares

| Ano | Man de obra | | Materiais Siderúrxicos | | Energía | | Gastos Xerais | | Termo Indep. | K(t) |
|------|-------------|------|------------------------|----------|---------|----------|---------------|--------|--------------|-----------------|
| | a | H(t) | c | S(0) | b | E(t) | d | G(0) | e | |
| 2018 | | | | 1.191,80 | | 3.111,00 | | 103,18 | | - |
| 2020 | | | 0,555 | 1.076,10 | 0,335 | 3.316,90 | 0,06 | 105,23 | 0,05 | 0,969481 |



CONCELLO DE VIGO

Expte.1705 /1102

O índice “Kt” final para os custes variables en 2020 é **0,969481**, en lugar do estimado 1,004088. En ambos casos, o incremento dende o ano base é inferior ao 2,5%, polo que non procede a revisión.

B. Volume real tratado (m³/hora en media anual)

O informe de 28 decembro de 2020 estimaba como valor real do volume medio tratado en m³/h para 2020 o mesmo que en 2019 (6.435). O dato real do volume medio tratado en 2020 é de **6.664 m³/h**.

C. Cálculo do custe de explotación variable

A fórmula para a determinación do custe de explotación variable (“Y”) é a seguinte:

$$Y = -0,0185259481 * x^2 + 447,2147082586 * x + 947.333,394896657$$

Onde “x” é o valor real do volume medio tratado nun período anual en m³/h anuais.

Ao resultado da fórmula polinómica anterior, deberá engadírselle o importe dos custes xerais (11% do custe de explotación resultante da aplicación da fórmula polinómica)

En consecuencia, o custe de explotación variable da EDAR Lagares, para 2020, é o seguinte:

$$Y = -0,0185259481 * 6.664^2 + 447,2147082586 * 6.664 + 947.333,394896657 = 3.111.519 \text{ €}$$

Total custe de explotación variable (incluídos gastos xerais) = Y * 1,11 = **3.446.389 €**

3. DATOS REAIS DE FACTURACIÓN E INGRESOS

Empréganse para o cálculo da remuneración da concesionaria os datos reais dos m³ de auga facturados, e os ingresos tarifarios da concesionaria, segundo resultan do detalle dos recibos mensuais e bimestrais para o ano 2020, aprobados polo Concelleiro Delegado da Área de Orzamentos e Facenda, pola prestación patrimonial de carácter público non tributario de Subministración de Auga, Rede de Sumidoiros e Depuración, así como os consumos mensuais en virtude dos convenios de colaboración en vigor con concellos do área metropolitana e outras entidades. Deste modo resulta:

- Unha facturación total de 42.084.363 m³
- Uns ingresos reais facturados de 41.106.801,55 €.

O detalle mensual é o seguinte:

| MES | m ³ FACTURADO | IMPORTE (€) |
|---------|--------------------------|-------------|
| Enero | 701.258 | 519.230 |
| Febrero | 5.962.654 | 6.300.846 |
| Marzo | 658.044 | 539.775 |
| Abril | 6.004.753 | 5.971.824 |
| Mayo | 746.591 | 405.851 |
| Junio | 6.169.105 | 6.098.427 |

| | | |
|-------------------|---------------------------------|------------------------|
| Julio | 902.798 | 658.967 |
| Agosto | 6.491.290 | 6.420.280 |
| Septiembre | 1.020.906 | 746.216 |
| Octubre | 6.355.385 | 6.482.978 |
| Noviembre | 784.420 | 633.282 |
| Diciembre | 6.287.159 | 6.328.405 |
| TOTAL | 42.084.363 m³ | 41.106.801,55 € |

Ao dividir o importe 41.106.801,55 € entre os m³ facturados, obtense unha tarifa media de **0,9768 €/m³**.

4. RECUPERACIÓN PLAN INVESTIMENTOS

O custe unitario pola recuperación do Plan de Investimentos actualízase axustando o Modelo Financeiro a 31 de decembro de 2020, mediante a introdución dos seguintes datos reais para 2020:

- Índice EURIBOR para 2020
- Volume de investimento aprobado para 2020 e distribución dos pagos efectuados polo mesmo

Esta actualización realízase sen prexuízo da comprobación posterior dos fluxos efectivos de cobros e pagamentos introducidos no modelo para o ano 2020.

A. Taxa de Xuro

A media do Euribor medio mensual para 2020 foi de -0,30%, fronte ao -0,27% considerado no informe de data 28 de decembro. En consecuencia, a taxa de xuro para 2020 aplicada no modelo económico financeiro redúcese en tres puntos básicos, dende o 2,55% aplicado na estimación da remuneración ao **2,52%**.

B. Volume total de investimento

O informe de 28 de decembro de 2020 tomou en consideración os pagamentos activados a 31 de outubro de 2021, así como a previsión de pagamentos a realizar por obras aprobadas en execución para novembro e decembro de 2020. Na data do informe, quedaba pendente de aprobación a xustificación correspondente a investimentos por importe de 1.040.541,35 €.

En data de 8 de xullo de 2021, o Concello de Vigo acordou recoñecer investimentos por importe de 897.430,63 €, polo que procede minorar en **143.110,72 €** os pagamentos imputados ao plan de investimentos no modelo financeiro.

C. Modelo financeiro de recuperación do investimento

Reprodúcese no Anexo I o modelo financeiro de recuperación do investimento a efectos do cálculo da custe unitario para 2020, unha vez operadas as modificacións na taxa de xuro e nos pagamentos imputados por investimentos. O custo por m³ facturado en 2020 resultante da mesma é de **0,2226 €/ m³**, fronte a 0,2260 €/ m³ no modelo estimado elaborado para o informe de 28 de decembro.

5. CÁLCULO DO CUSTE DA CONCESIÓN PARA O ANO 2020

Empregando as magnitudes establecidas nos puntos anteriores, o custe unitario da concesión queda determinado polos seguintes importes:



CONCELLO DE VIGO

Expte.1705 /1102

- A. *Custe de explotación xeral:*
- *Custe unitario de explotación:* 0,5576 €/m³
 - *Canon Concello de Vigo:* 0,0300 €/m³
 - *Recuperación Plan de investimentos:* 0,2226 €/m³
- B. *Custe de explotación da Nova EDAR Lagares:*
- *Custe termino fixo:* 3.595.383 €
 - *Custe termino variable:* 3.446.389 €

O custe total de explotación da Nova EDAR Lagares para 2020 é de 7.041.772 €. Ao dividir este importe polos m³ de auga facturada, obtense un custe unitario de explotación da Nova EDAR Lagares para 2020 de 0,1673 €/m³.

O custe unitario total da concesión para 2020 é o seguinte:

| ANO | Custe unitario de explotación (€/m ³) | Canon do Concello de Vigo (€/m ³) | Recuperación Plan de Investimentos (€/m ³) | Custe Unitario Nova EDAR Lagares (€/m ³) | Custe unitario total para 2020 (€/m ³) |
|------|---|---|--|--|--|
| 2020 | 0,5576 | 0,0300 | 0,2226 | 0,1673 | 0,9775 |

Polo tanto, a desviación de tarifa para 2020 establécese no seguinte cadro:

| ANO | Volumen Real Facturado (m3) | Ingreso Real Facturado (€) | Tarifa Media Ingresos (€/m3) | Custe unitario da concesión (€/m3) | Desviación Tarifa (€) |
|------|-----------------------------|----------------------------|------------------------------|------------------------------------|-----------------------|
| 2020 | 42.084.363,00 | 41.106.801,55 | 0,9768 | 0,9775 | 32.801,60 |

En base ao anterior, determínase o **custe unitario da concesión en 2020 en 0,9775 €/m³**, que en comparación coa tarifa media de ingresos de 0,9768 €/m³, arroxa unha diferenza a favor da concesionaria de 32.801,60 €, cifra que se integra no modelo financeiro da concesión, para ser efectiva en exercicios posteriores. “

VII. O 21.03.2022 a concesionaria manifestou a súa conformidade ao contido do informe referido no punto anterior.

FUNDAMENTOS TÉCNICO E XURÍDICOS

I.- Normativa aplicable á concesión da xestión do servizo público municipal de abastecemento de auga e saneamento de Vigo

Tanto a adxudicación como a formalización do contrato de concesión que tratamos tiveron lugar baixo a vixencia da Lei de Contratos do Estado, aprobada por Decreto 923/1965, de 8 de abril (en adiante LCE) polo que, de acordo coa Disposición Transitoria Primeira da Lei 13/1995, de 18 de maio, pola que se aproba a Lei de Contratos das Administracións Públicas; a Disposición Transitoria Única da Lei 53/1999, de 28 de decembro, que modifica a anterior; a Disposición Transitoria Primeira do Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, que aproba o Texto Refundido da Lei de contratos; a Disposición Transitoria Primeira da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público; a Disposición Transitoria

Primeira do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, que aproba o Texto Refundido desta Lei; e a Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, a norma de aplicación a este contrato é a Lei de Contratos do Estado, aprobada por Decreto 923/1965, de 8 de abril.

O réxime económico da concesión, e polo tanto a retribución do concesionario regúlase nas cláusulas 80^a e seguintes do PCE, así como polo establecido na cláusula 3.

A retribución anual do contrato ven determinada polo custo unitario de explotación, revisado conforme á fórmula e ás ponderacións establecidas polo concursante na súa oferta, na "variante una" de aplicación a todo o volume de auga facturada aos abonados durante a vida do contrato, polo canon da concesión e polas cargas financeiras correspondentes ao plan de inversións. No custo unitario de metro cúbico debe incluírse o custo do servizo da nova EDAR do Lagares nos termos acordados pola XGL de data 10.05.2018.

A correcta aplicación dos termos referidos foi analizado polo informe da Área de Ingresos municipal de data 30.12.2021.

II.- Competencia.- Corresponde a Xunta de Goberno Local como órgano de contratación que é do concello de Vigo (disposición adicional segunda 4 LCSP) a adopción do acordo que se propón

Con base aos sinalados antecedentes, cumpridos os trámites legais preceptivos PROPON-SE á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1º Establecer como custo unitario da concesión para o ano 2020 a cantidade de 0,9775 euros/metro cúbico.

2º Declarar a favor da concesionaria do Servizo Municipal de Augas a diferenza entre o dito custo unitario e a tarifa media de ingresos no ano 2020 por unha cantidade de 32.801,60 € que se fará efectiva en exercicios posteriores.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(512).- DAR CONTA DA TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE "PLAN DE ACTUACIÓN PARA MINIMIZAR AS PERDAS NA REDE DE ABASTECIMENTO". EXPTE. 1793/441.

Dáse conta do informe-proposta de data 28/06/2024, asinado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos, o xefe do Servizo Administrativo e do Control Orzamentario e o xefe de Área de Servizos Xerais, e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:



CONCELLO DE VIGO

Expte.1705 /1102

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de 30 de decembro de 2020, acordou a prórroga, con efectos dende o 1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2025, da concesión administrativa da “Xestión Integral do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento de Vigo”, outorgada polo Pleno da Corporación Municipal o 25/10/1990, á U.T.E. “SERAGUA-FOCSA VIGO”, hoxe denominada, abreviadamente “FCC Aqualia Vigo UTE”, con arranxo ás condicións económico-administrativas establecidas na cláusula primeira do contrato.

II.- A devandita prórroga do contrato de concesión do servizo de «Xestión Integral do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento de Vigo» vinculouse á execución e financiamento dun plan de investimentos, no período da prórroga, por importe de 40.471.411,63 € —ou a cantidade que resulte segundo a evolución do custe financeiro e da activación dos desembolsos— nas contías e prazos de execución indicados no informe económico de data 28.12.2020

III.- A Xunta de Goberno Local en sesión de 03.05.2024 acordou:

“Primeiro.- Aprobar o proxecto de *IMPLANTACIÓN DO PLAN DE ACTUACIÓNS PARA MINIMIZAR AS PERDAS NA REDE DE ABASTECIMENTO*”, redactado polo Enxeñeiro Industrial, Casimiro Fontenla Bugallo, cun orzamento de execución material de *CENTO SESENTA E SEIS MIL CENTO CORENTA E OITO EUROS con OITENTA E CINCO CÉNTIMOS (166.148,85 EUROS)*, o proxecto dispón de sinatura dixital de data 12/03/2024.

Segundo.- Aprobar os custes asociados ao proxecto de *IMPLANTACIÓN DO PLAN DE ACTUACIÓNS PARA MINIMIZAR AS PERDAS NA REDE DE ABASTECIMENTO*, por un importe de 8.299,14 €, (IVE excluído) desagregado do seguinte xeito:

| TRABALLO | COLABORADOR | HONORARIOS |
|------------------------------------|---|------------|
| Redacción de proxecto | ESINPRO | 3.322,98 € |
| Asistencia técnica á D.O. | ESINPRO | 3.322,98 € |
| Coordinación de seguridade e saúde | Ruth Caballeira Martín (CIES ATLANTICO) | 830,74 € |

| | | |
|--|-----------------------|------------|
| | SUMA | 7.476,70 € |
| | 11% Gastos de Xestión | 822,44 € |
| | TOTAL (IVE excluído) | 8.299,14 € |

Terceiro.- Nomear como directores de obra a D. Juan Sánchez González e D. Xacobe Paz Salgado, Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos.”

IV.- Con data 21 de xuño de 2024 Aqualia-FCC Vigo presenta a documentación referida ás características do contrato da obra. En concreto:

- Código do proxecto: Expte. 1.793/441
- Nome e razón social do adxudicatario: AQUALIA INTECH, S.A.
- NIF: A28849495
- Presuposto de execución material: 166.148,85 €
- Presuposto de contrata: 197.717,13 € (IVA excluído).
- Prazo de execución: 5 meses.
- Data inicio obra: o día da firma de comprobación de replanteo.
- Clasificación do contratista: *Non se exige.*
- Prazo de garantía: 2 anos.
- Asistencia técnica: *ESIMPRO, S.L.*
- Coordinación de Seguridade e Saúde: Ruth Carballeira Martín (CIES ATLÁNTICO)

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS

I. A execución do proxecto de obras, obxecto do presente expediente, será realizada pola concesionaria do servizo municipal de augas FCC Aqualia Vigo UTE, como actuación do plan de investimentos aprobado para a segunda prórroga do contrato, arriba referida, e, daquela, non será obxecto dun específico procedemento de contratación.

II.- Co fin de que os mecanismos de control, vixilancia, fiscalización e seguemento das obras inherentes aos distintos Plans de Investimentos da concesión se instrumentasen a través de medidas que garantan a consecución dun nivel adecuado de eficacia na súa execución e de eficiencia na xestión dos recursos económicos comprometidos, a Xunta de Goberno Local, en sesión de 8 de marzo de



CONCELLO DE VIGO

Expte.1705 /1102

2013, aprobou a ordenación do procedemento de contratación a seguir nas obras do plan de investimentos de FCC Aqualia Vigo, UTE (por acordo de XGL de data 06.05.21 procedeuse a adaptación legal do mesmo). No mesmo contemplase os gastos repercutibles á Administración coa súa imputación ao plan de investimentos; gastos que son obxecto da presente proposta de aprobación e que foron revisados e informados polos enxeñeiros de camiños, canais e portos municipais, que emitiron o informe que precede.

III.- Recóllese no devandito procedemento de ordenación procedemento de contratación a seguir nas obras do plan de investimentos a necesidade de dar conta pola entidade concesionaria á Xunta de Goberno Local dos datos consignados no punto III.c do procedemento, que son os que se reflicten nos antecedentes.

IV.- O proxecto, segundo vai dito, executarase pola concesionaria do servizo municipal de augas FCC Aqualia Vigo UTE, en cumprimento do plan de inversións correspondente a segunda prórroga do contrato de xestión de servizo público, en forma de concesión, da “Xestión Integral do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento de Vigo”, outorgada polo Pleno da Corporación Municipal o 25/10/1990. A aprobación dos costes asociados ao proxecto de obra corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local e de conformidade, tamén, co establecido no procedemento a seguir para a execución das obras incluídas nos Plans de Investimentos da Concesión, aprobado pola Xunta de Goberno Local en acordo de 8 de marzo de 2013.

Polo que á vista do exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

PRIMEIRO.- Quedar enteirada da tramitación do seguinte expediente “**PLAN DE ACTUACIÓNS PARA MINIMIZAS AS PERDAS NA REDE DE ABASTECIMENTO**”. cos datos requeridos no apartado III.c do Acordo da Xunta de Goberno de data 08.03.2021 (adaptado en XGL de 06.05.2021) que aproba o procedemento a seguir nas obra do plan de Inversións de Aqualia, segundo o seguinte detalle:

- Código do proxecto: Expte. 1.793/441
- Nome e razón social do adxudicatario: AQUALIA INTECH, S.A.

- NIF: A28849495
- Presuposto de execución material: 166.148,85 €
- Presuposto de contrata: 197.717,13 € (IVA excluído).
- Prazo de execución: 5 meses.
- Data inicio obra: o día da firma de comprobación de replanteo.
- Clasificación do contratista: *Non se exige.*
- Prazo de garantía: 2 anos.
- Asistencia técnica: *ESIMPRO, S.L.*
- Coordinación de Seguridade e Saúde: Ruth Carballeira Martín (CIES ATLÁNTICO)

SEGUNDO- Notifíquese o presente acordo a FCC AQUALIA VIGO UTE, indicando que o presente acordo é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte a súa notificación, ou impugnaloo directamente ante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar, no seu caso calquera outro que estimen procedente.

Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(513).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE “HUMANIZACIÓN DA RÚA PINTOR LUGRÍS, ENTRE A RÚA ÁLVARO CUNQUEIRO E RÚA LÓPEZ MORA”. EXPTE. 6298/443.

Dáse conta do informe-proposta de data 28/06/2024, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e do Control Orzamentario e o xefe de Área de Servizos Xerais, e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- En data 14 de abril de 2023 o Segundo Tenente de Alcalde e o Concelleiro Delegado da



CONCELLO DE VIGO

Expte.1705 /1102

Área de Fomento e Servizos, resolve adxudicar e autorizar o gasto para a redacción do proxecto de “HUMANIZACIÓN DA RÚA PINTOR LUGRÍS, ENTRE A RÚA ÁLVARO CUNQUEIRO E RÚA LÓPEZ MORA” á mercantil Eptisa Servizos de Ingeniería SL,

II.- O Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos Joel Liñares Masid, presenta trala fase de supervisión proxecto para a “HUMANIZACIÓN DA RÚA PINTOR LUGRÍS, ENTRE A RÚA ÁLVARO CUNQUEIRO E RÚA LÓPEZ MORA cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN CINCOCENTOS NOVENTA E CATRO MIL CENTO SETENTA E CATRO EUROS con OITENTA E SETE CÉNTIMOS (1.594.174,87€), e con sinatura dixital de data 7 de xuño de 2024.

III.- O Xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas en data 15 de decembro de 2023 informou que o documento borrador presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que o Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos, a proposta da Técnica de Xestión - Xefa do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento e Servizos, na data 15 de decembro de 2023 resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

IV.- A actuación localízase na rúa Pintor LUGRÍS, no tramo que conflúe entre as rúas López Mora e Álvaro Cunqueiro. A rúa nace como unha vía de comunicación radial dende a praza da Independencia, dentro do barrio de O Carme. As obras a executar son as seguintes:

- Modificación da sección transversal da rúa, incrementando as dimensións da beirarrúa para a circulación dos peóns en detrimento do espazo destinado ao tráfico rodado.
- Pavimentación en consonancia ao entorno; disposición de pavimento de mestura bituminosa sobre base de formigón en calzada, bandas de estacionamento de vehículos en formigón con acabado desactivado e beirarrúas en baldosa de granito gris alba.
- Xeración de diversas zonas estanciais con disposición de mobiliario urbano (alcriques, papeleiras, bancos...) e creación de novas zonas axardinadas. Completarase coa disposición de unha rede de rego automático.
- Renovación da rede de saneamento e redefinición da rede de pluviais existente.
- Renovación da rede de abastecemento.
- Mellora da rede de alumado por un sistema máis eficiente e homoxéneo en todo o viario.
- Instalación de dúas ramplas mecánicas de cara a incrementar a accesibilidade viaria.

Fundamentalmente os obxectivos da actuación son os de mellorar a calidade dos espazos para o peón, asegurar a circulación rodada en condicións de seguridade e confort e renovar e mellorar as redes de servizos.

Todo isto levarase a cabo con criterios acordes a actuacións similares na contorna, que pivoten na sostibilidade das actuacións proxectadas, facilidade de mantemento, alta calidade de materiais, criterios de seguridade e emprego de novas tecnoloxías.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de DOCE (12) MESES.

IV.- A Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos Municipal emite en data 26.06.2024 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

"(...)

O solo onde execútanse as actuacións emprázanse no ámbito do Plan Xeral de Ordenación Urbana De Vigo (PXOU93) vixente, aprobado definitivamente por acordo do Consello da Xunta de Galicia de 29.04.1993 (DOG no87, do 10/05/1993; BOP no133, do 14/07/1993), coas súas modificacións puntuais, habida conta da declaración de nulidade contida na sentenza de 10.11.2015 do Tribunal Supremo que afectou ás ordes da Conselleira da CPTOPT do día 16.05.2008 de aprobación definitiva e parcial do PXOM (DOG no 106, do 03.06.2008; BOP no 151, do 06.08.2008) e do Conselleiro da CMATI do 13.07.2009 de aprobación do documento de cumprimento da Orde do día 16.05.2008 (DOG no 144, do 24.07.2009; BOP no 175, do 10.09.2009).

A actuación prevista descorre polo solo urbano, destinado a formar parte do sistema local viario, e tal como indica o informe da Xerencia de Urbanismo de data 10/04/2024, a delimitación do proxecto ten o seu encaixe xeral no viario xa existente e ás aliñacións recollidas no planeamento.

As obras atópanse fóra de áreas de protección arqueolóxica, arquitectónica e etnográfica tal como indica o informe do Servizo de Patrimonio Histórico de data 03/04/2024. O proxecto indica que a actuación non está incluída nos anexos I e II da Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental, polo que non precisa someterse a ningún procedemento



CONCELLO DE VIGO

Expte.1705 /1102

de avaliación de impacto ambiental. Non se aprecia que a obra afecte a ningunha normativa sectorial significativa.

Os custes unitarios incluídos no proxecto, considéranse adecuados para a execución do contrato, estimase que son prezos xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa, e o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentarias, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo tódolos requisitos exixidos pola “Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014” e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”, polo que se informa favorablemente o proxecto presentado para aprobación, “HUMANIZACIÓN DA RÚA PINTOR LUGRÍS, ENTRE A RÚA ÁLVARO CUNQUEIRO E RÚA LÓPEZ MORA”.

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local.

Non se atopa sometido a fiscalización previa ao tratarse dunha actuación preparatoria. Así se recolle no informe do Interventor Xeral de data 26.06.2023 no marco do expediente 5023-443 no que indique que *“non se atopan sometidas a fiscalización previa as actuacións preparatorias dos diferentes tipos de contratos, como é o caso que nos ocupa, xa que tales actuacións non comportan gasto para a Administración, entendendo que si deberá ser obxecto de fiscalización previa a proposta do servizo xestor ao órgano de contratación de aprobación do expediente, do prego de cláusulas administrativas particulares, do gasto e da apertura do procedemento de adxudicación (artigos 116 da LCSP)”*

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Aprobar o proxecto de “HUMANIZACIÓN DA RÚA PINTOR LUGRÍS, ENTRE A RÚA ÁLVARO CUNQUEIRO E RÚA LÓPEZ MORA”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos Joel Liñares Masid, cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN CINCOCENTOS NOVENTA E CATRO MIL CENTO SETENTA E CATRO EUROS con OITENTA E SETE CÉNTIMOS (1.594.174,87€), e con sinatura dixital de data 7 de xuño de 2024.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(514).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE “NOVA GRADA DE GOL DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAÍDOS”. EXPTE. 1966/441.

Visto o informe xurídico do 26/06/2024 e o informe de fiscalización do 02/07/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 25/06/2024, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e do Control Orzamentario e o xefe de Área de Servizos Xerais, e conformado polo concelleiro-delegado e o concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES DE FEITO.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1705 /1102

I.- No marco do expediente 5036-440 adxudicouse a D. Pedro De la Puente Crespo o servizo de redacción do proxecto das obras das novas gradas de Gol e Marcador do estadio municipal de Balaídos (Expte. 5.036-440).

II.- O dito arquitecto, adxudicatario do contrato, trala fase de supervisión do borrador, presentou proxecto de obras de execución de "NOVA GRADA DE GOL DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIÓDOS".

III.- Previo informe da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal de data 04.04.2024, e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución da mesma data, a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 05.04.2024 aprobou o proxecto de "NOVA GRADA DE GOL DO ESTADIO DE BALAIÓDOS" redactado por equipo multidisciplinar e asinado polo Arquitecto Pedro de la Puente Crespo, cun orzamento base de licitación máis IVE de VINTE E CINCO MILLÓNS SEISCENTOS CORENTA E DOUS MIL SETECENTOS TRECE EUROS con DEZ CÉNTIMOS (25.642.713,10 €), data novembro de 2023, e con sinatura dixital de data 2 de abril de 2024. Expte. 4865-443.

IV.- No expediente de contratación consta a documentación que segue:

- A)** O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión de data 05.04.20234 que se corresponde co expediente administrativo 4865-443, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas redactado polo Arquitecto Pedro de la Puente Crespo, asinado dixitalmente en data 2 de abril de 2024.
- B)** Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola Técnica de Xestión, polo Xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, e polo Xefe de da Área de Servizos Xerais en datas 3 e 6 de maio de 2024.
- C)** Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro da Área de Fomento e Servizos de data 6 de maio de 2024.
- D)** Memoria económica asinada pola Técnica de Xestión, polo Xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 8 de maio de 2024.
- E)** Certificados de crédito asinados pola Dirección Superior Contable municipal en data 14 de maio de 2024.

- F)** Acta de replanteo do correspondente proxecto asinada polo Xefe de da Área de Servizos Xerais en data 16 de maio de 2024.
- G)** Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en data 16 de maio de 2024.
- H)** Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos con data 6 de xuño de 2024.
- I)** Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos con data 25 de xuño de 2024.
- J)**

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 22.06.2023), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

Terceiro.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica e financeira (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adjudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP), o seu carácter de contrato de obra suxeito a regulación



CONCELLO DE VIGO

Expte.1705 /1102

harmonizada segundo o establecido no artigo 19 e 20 LCSP.. Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 04.04.2024) e o cumprimento da normativa sectorial.

Cuarto.- Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

Quinto.- É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídico e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de "**NOVA GRADA DE GOL DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIÓDOS**" cun orzamento base de licitación máis IVE de VINTE E CINCO MILLÓNS SEISCENTOS CORENTA E DOUS MIL SETECENTOS TRECE EUROS con DEZ CÉNTIMOS (25.642.713,10 €), IVE engadido, segundo a seguinte distribución de anualidades:

| | |
|--------------|------------------------|
| 2024 | 270.000,00 € |
| 2025 | 11.500.000,00 € |
| 2026 | 13.872.713,10 € |
| TOTAL | 25.642.713,10 € |

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos con data 25 de xuño de 2024.

Terceiro.- Autorizar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 9330.632.00.10 (INVESTIMENTOS MELLORA E. M.BALAIIDOS), proxecto de gasto 14933010, do vixente orzamento 2024 por importe de 270.000,00 €, e asumir o compromiso de dotar no orzamento inicial dos exercicios 2025 e 2026, na aplicación orzamentaria 9330.632.00.10, crédito por importe de 11.500.000,00 € e 13.872.713,10 € respectivamente.

Cuarto.- Para posibilitar a execución do proxecto, conforme ao plan de obra previsto e ás dispoñibilidades orzamentarias, modifícanse as porcentaxes de gastos establecidas para os importes plurianuais, en base ao disposto no artigo 174 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais, quedando establecido respecto ao previsto no presente exercicio para a segunda anualidade nun 4259,26% e para a terceira anualidade nun 5138,04%.

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(515).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE AXENCIA DE VIAXES PARA A XESTIÓN DE RESERVAS E ORGANIZACIÓN DA VIAXE DOS MEMBROS DA DELEGACIÓN ASISTENTES Á FEIRA INTERNACIONAL DE TURISMO FITUR 2025. EXPTE. 8614/104.

Visto o informe xurídico do 19/06/2024 e o informe de fiscalización do 25/06/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 31/05/2024, asinado pola técnica do servizo de Turismo e conformado pola concelleira-delegada, a concelleira da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:



CONCELLO DE VIGO

Expte.1705 /1102

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP) no que no se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).

ANTECEDENTES

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), previa á resolución de inicio do expediente, foi asinada o 07/02/2024.
- Memoria económica de data 11/04/2024, relativa aos seguintes extremos:
 - Xustificación do prezo do contrato, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) aos que fai referencia o artigo 102 LCSP, en base ós prezos facturados na pasada edición da feira Fitur para o mesmo tipo de servizos nos anos precedentes para levar a cabo o obxecto de presente contrato e facendo un cálculo do custo medio.
 - Xustificación de que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).
 - Forma de aboamento do prezo (artigo 67.2ñ do RLCAP).
 - Retención de crédito de data 11/04/2024.
 - Prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 LCSP), de data 11/04/2024
 - Memoria xustificativa de data 12/04/2024 relativa aos seguintes extremos:
 - Xustificación da non división do contrato en lotes (artigo 99.3 da LCSP) e, no seu caso, a xustificación do establecemento de limitacións aos licitadores (artigo 99.4 da LCSP).

- A xustificación do procedemento aberto simplificado abreviado (art. 159.6 da LCSP), dado que o seu valor estimado é inferior a 60.000 euros e carece de criterios de adxudicación avaliábeis mediante xuízo de valor (Art. 159.1,b)
- Xustificación do prazo de duración dos contratos e de execución da prestación (artigo 29 LCSP)
- Xustificación da elección co único criterio de adxudicación do prezo (artigo 146.1 LCSP)
- Lugar de entrega dos bens obxecto do contrato (artigo 67,5.f e 67.7.e RLCAP).
- Informe do servizo de contratación de que o expediente reúne toda a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública asinado en data 24/05/2024
- Prego de Cláusulas administrativas particulares asinado polo servizo de contratación de data 24/05/2024

Fundamentos de dereito

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP, iniciárase polo Órgano de Contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 desta lei. No Concello de Vigo esta competencia esta delegada por Resolucións da Xunta de Goberno Local nos concelleiros delegados de área de goberno e nos concelleiros delegados de data 19, 28 e 30 de xuño de 2023 na que así mesmo estableceuse o número, denominación e competencias das áreas de goberno e concellería delegadas nas que se estrutura a administración municipal.

A Concelleira delegada de Turismo mediante resolución de 07/02/2024 autorizou o inicio da tramitación deste expediente de contratación.

Segundo.- Dado o obxecto o tipo de contrato é de servizo (art. 17 LCSP).O procedemento elixido para a contratación é o procedemento aberto co un único criterio de adxudicación, baixa proporcional única a aplicar aos prezos unitarios recollidos no apartado 3G desta FEC

Terceiro.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e no mesmo consta, tal e como prevé o artigo 116 apartados 2 e 3 da LCSP o prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas.

Cuarto.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

Quinto.- Na memoria xustifícase a non división en lotes (artigo 116.4.g) LCSP), o prezo e a súa xustificación (artigo 100 e seguintes LCSP), o prazo de duración e de



CONCELLO DE VIGO

Expte.1705 /1102

execución (art. 29 LCSP), o valor estimado do contrato (artigo 116.4.d) LCSP, o criterio de adxudicación (artigo 145 e146 LCSP), as condicións especiais de execución (art. 202.1 LCSP), o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 d Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril).

Sexto.- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartado 8 da LCSP e a disposición adicional oitava, apartado e) da Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Sétimo.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe de fiscalización previa, incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo á aprobación polo órgano de contratación.

Oitavo.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda apartado 11 da LCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Noveno.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª .4 LCSP)

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

PROPOSTA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Primeiro: Aprobar a tramitación ordinaria do expediente de contratación a través de procedemento aberto de PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXENCIA DE VIAXES PARA A XESTIÓN DE RESERVAS E ORGANIZACIÓN DA VIAXE DOS MEMBROS DA DELEGACIÓN QUE SE DESPRACEN A MADRID CON MOTIVO DA FEIRA INTERNACIONAL DE TURISMO, FITUR 2025.

Segundo: Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares de data 11/04/2024 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o Contrato, asinado polo servizo de contratación de data 24/05/2024

Tercero: Autorizar o gasto polo importe máximo de licitación de 30.630,55€ con iva, sendo o IVE (tipo 10% e 21%) 2.989,00€

O contrato financiarase con cargo á seguinte aplicación orzamentaria 4320.227.9900 “Organización e loxística de Feiras” do programa orzamentario do servizo de Turismo.

Co seguinte desglose de anualidades (incluído IVE):

- Ano 2024: 6.126,11€
- Ano 2025: 24.504,44€

Quinto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(516).- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 14692/407.

Visto o informe de fiscalización de data 13/06/2024 e o acordo do Consello de Xerencia Municipal de Urbanismo de data 25/06/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 29/05/2024, asinado polo xefe dos Servizos Centrais da Xerencia Municipal de Urbanismo e conformado polo xerente de Urbanismo, que di o seguinte:

I.- Antecedentes e motivación.

Despois da publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra de 30.12.2020 da aínda vixente relación de postos de traballo (RPT) deste Organismo, entraron en vigor os Orzamentos de 2021, 2022, 2023 e 2024. Nestes Orzamentos producíronse diversas modificacións no cadro de persoal, incorporándose novas prazas e eliminándose algunha.

Tamén se produciron movementos internos entre servizos que afectan a postos non singularizados e xurdiron novas necesidades estruturais e organizativas.

En datas 9 de febreiro, 18 de setembro e 30 de outubro de 2023 (nesta última reunión en relación co capítulo I do Orzamento 2024) negociáronse cos representantes dos traballadores a proposta destes cambios.

De conformidade co antedito e coa dilixencia da Xefatura desta Xerencia, as modificacións propostas son as seguintes:

1.- Incorporación de postos non singularizados correspondentes a prazas creadas nos Orzamentos 2021 e 2022.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1705 /1102

A proposta da Xefatura e previa negociación coa representación sindical se crearon para o cumprimento da obriga de fomento da promoción interna os seguintes postos:

- Posto de Enxeñeiro Industrial, do subgrupo A1 (código 421.04).
- Posto de Arquitecto con titulación de grado, do subgrupo A1 (código 421.06).
- Posto de Técnico de Servizos Económicos, do subgrupo A1 (código 402.04).
- Posto de Técnico Medio de Xestión, do subgrupo A2 (código 400.03).

Ademais de fomentar a carreira profesional e a promoción interna do persoal, inténtase que as prazas e postos teñan o nivel adecuado as funcións realmente desenvoltas.

Ademais créanse para dotación con persoal externo ou para o proceso de estabilización:

- Posto de Operador/a Informático/a, do subgrupo C2 (código 407.04).
- Posto de Auxiliar Administrativo/a, do subgrupo C2 (código 402.08).

A todos os postos creados asígnaselles os niveis retributivos ós postos equivalentes no ente matriz do Concello de Vigo.

2.- A eliminación de postos que estando vacantes non se consideran imprescindibles para o correcto funcionamento dos servizos, posibilitando a creación e modificación de outros prioritarios:

- Técnico Superior de Urbanismo-Cartografía (código 413.01 na vixente RPT publicada no BOP de Pontevedra de 30.12.2020): a sección de Cartografía, como unha unidade transversal mais integrase en Administración Electrónica.
- Xefatura de Barrios Históricos (código 422.01 na vixente RPT) .
- Elimínase o posto de Enxeñeiro de Camiños base (código 412.02 na vixente RPT) en Urbanización e Infraestruturas e se mantén a Xefatura de Urbanización e Infraestruturas (subgrupo A1, código 412.01).
- Arquitecto técnico (código 414.02 na vixente RPT): elimínase este posto para posibilitar a transformación do posto de Xefe/a de Inspectores de urbanismo (código 423.06), que pasa do subgrupo C1 ó A2.

3.- Inclusión dos postos non singularizados en cada servizo, conforme ós últimos traslados realizados. Recolócanse determinados postos de administrativo (códigos 402.07 e 421.11) e auxiliar administrativo (código 402.08) nas diferentes unidades/servizos e redenomínase o posto de “axudante de oficios”, que pasa a chamarse de “SUBALTERNO” (código 405.04), para recoñecer o contido administrativo das funcións do posto, aínda que actualmente estea ocupado por persoal laboral do grupo E.

4.- De conformidade co establecido polo artigo 80.2 do R.D.Legislativo 5/2015, de 26 de abril (texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público “EBEP”) e 92.2 da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia, asignarlles a libre designación como forma de provisión, ós seguintes postos, pola súa especial responsabilidade ou cualificación profesional:

- “Xefe/a Servizos Centrais”.

- "Xefe/a da Área Técnica".
- "Xefe/a Desenvolvemento Urbanístico".

Os postos de Xefe/a Servizos Centrais e Xefe/a da Área Técnica, de acordo co organigrama deste Organismo Autónomo (trámite 12 do expediente 11700/407), aprobado polo Consello de Xerencia de 23.10.2019 e a Xunta de Goberno Local de 24.10.2019, son os que xerarquicamente aglutinan todos os servizos da Xerencia. Na modificación que se está a tramitar as seccións de Cartografía e Obras e Proxectos pasan a depender da xefatura de Servizos Centrais. Esta amplitude de servizos obriga a unha maior responsabilidade e cualificación profesional.

O posto de "xefe/a de Desenvolvemento urbanístico", citando o informe do Secretario da Xerencia de 16.10.2019 (expediente 11700/407), o grado de responsabilidade, confianza e cualificación profesional ven derivada *"das súas funcións de ordenación do territorio e de visión da planificación e desenvolvemento urbanístico da cidade, funcións que non sempre resultan necesariamente regradas e que implican un ámbito de discrecionalidade nas decisións a adoptar que, polo xeral, deben coincidir ou ser partícipes coas que, nese sentido, ostente o equipo de goberno municipal na súa atribución de dirección da política municipal urbanística, artigo 124.4.b) LBRL"*.

5.- Unificación dos Servizos de Disciplina Urbanística e de Conservación/ITE, a efectos de coordinar as competencias de ambos e de acadar unha maior eficiencia compartindo os recursos humanos dispoñibles. Se manteñen de forma autónoma as oficinas administrativas pre-existentes, sen prexuízo da obrigada colaboración que coordinará a xefatura do Servizo.

6.- Modificacións nas condicións retributivas de determinados postos:

6.1.- Modificación do complemento específico do posto de programador informático (406.03 da vixente RPT): pasa de 16.942,08 euros (código 88) a 19.125,64 euros (código 305) o que supón un incremento de 2.183,56 euros/ano. Modifícase a denominación do posto que pasa a "programador de sistemas". A motivación destes cambios ven determinado pola equiparación funcional dos postos de programador de sistemas e de programador informático, tendo as funcións asignadas na guía aprobada por acordo da Xunta de Goberno Local de 27.05.2009 (expediente 3810/407).

6.2.- Modificación do complemento específico do posto de Xefe/a da Área Técnica (410.01 da vixente RPT): pasa de 34.533,00 euros/ano (código 625) a 40.341,29 euros/ano (código 620); por tanto 5.808,29 euros/ano mais. Esta asignación de complemento específico ven derivada da existencia dentro desta Área dun Departamento (Desenvolvemento Urbanístico) cuxa xefatura ten o mesmo nivel retributivo. A Área Técnica abrangue ademais os Servizos de Urbanización e Infraestruturas, o de Licenzas e o de Disciplina/Conservación, todos eles con funcións e cometidos de alta responsabilidade e dificultade técnica e cunha carga de traballo de varios miles de expedientes ó ano (a suma destes servizos acada os 67 postos dos 110 deste Organismo). Corríxese así unha distorsión que existía na RPT e que quedou mais explicitada desde que a partir do 1 de xaneiro de 2020 incorporáronse todos os postos que ata esa data figuraban na RPT do ente matriz e que traballaban no Organismo Autónomo cunha mera adscrición. En consecuencia, trátase do posto que abrangue todas as áreas propiamente urbanísticas e que a nivel técnico supón a maior responsabilidade no Organismo -sin contar o Xerente que ten natureza de órgano directivo- e dificultade, toda



CONCELLO DE VIGO

Expte.1705 /1102

vez que ten encomendada a supervisión e coordinación de todos os servizos, tanto de Desenvolvemento Urbanístico (Planeamento-Xestión, Urbanización e Infraestruturas) como de Intervención Urbanística (Licenzas, Disciplina e Conservación).

6.3.- Modificación do posto de Xefe/a de Disciplina Urbanística (423.01 da vixente RPT), que pasa a denominarse Xefe/a de Disciplina Urbanística/Conservación: pasa de 26.155,45 (código 650) euros a 34.533,00 euros (código 625). Este posto asume a dirección do anterior servizo de Conservación/ITE, o que supón unha maior responsabilidade, dificultade técnica e carga de traballo.

6.4.- Modificación de postos con atención ó público intensiva. Nas últimas modificacións das RPTs do Concello e deste Organismo Autónomo modificáronse os complementos específicos de aqueles postos que teñen unha atención ao público intensa, de tal forma que no horario de 9 a 13:30, como mínimo, e todos os días da semana, se require a súa presenza e dedicación continuada. Ademais do persoal de Rexistro (que xa o teñen recoñecido) debe estenderse este incremento do complemento específico ó Xefe de Información Urbanística (código 403.01) e ó Administrativo de Arquivo/Control (406.02), neste último caso polo seu traballo de posta a disposición presencial dos expedientes deste Organismo. Dito incremento (idéntico ó realizado para os postos de administrativos de Rexistro) cuantifícase en 2.000,34 euros/ano. A especial dedicación derivada da atención ó público, tamén recoñecida no conxunto do Concello, ademais de supoñer unha prestación máis intensa e con certos riscos, limita a posibilidade de prestar servizo en réxime de teletraballo e obriga a modular os preceptivos descansos regulados na xornada laboral. De novo tense conta a equiparación obrigada cos dereitos retributivos dos postos do Concello con iguais ou equivalentes funcións.

6.5.- De acordo co recollido na memoria do capítulo I de gastos de persoal do Orzamento desta Xerencia Municipal de Urbanismo para este exercicio 2024, iguálase o complemento de destino de delineantes e inspectores de urbanismo (nivel 21), por canto estes postos do subgrupo C1 teñen igual ou equivalente grao de especialización, responsabilidade e competencia. Isto supón o incremento do complemento de destino en 552,72 euros/ano para os oito inspectores. Postos números 403.02 (1) e 423.07 (7).

A suma destas cinco modificacións retributivas acada un total de 22.791,49 euros/ano e xa foron reflectidas no cálculo das retribucións do capítulo I de Gastos de persoal do Orzamento 2024.

I.bis.- Ampliación do informe-proposta de data 25.04.2024, a instancias do informe do Secretario.

Con data 22.05.2024 o Secretario emite informe no que conclúe:

“Examinada a tramitación realizada e a proposta de acordo formulada, de terse cumprido o sinalado no ultimo paragrafo dos apartados sexto e sétimo deste informe, infórmase favorablemente o Expediente de modificación da Relación de Postos de Traballo da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo”.

Estes apartados sexto e sétimo do citado informe do Secretario sinalan que debe indicarse neste informe-proposta se a asignación retributiva aos postos creados *ex novo* ou a modificación retributiva dos existentes, respectivamente, trae causa da aplicación das “guías de funcións-valoracións” -citadas no documento do 04.04.2024 (trámite 23 deste expediente electrónico 14692/407)- ás funcións ou tarefas correspondentes a cada posto creado ou modificado.

Efectivamente a asignación retributiva aos postos creados *ex novo* ou a modificación retributiva dos existentes, respectivamente, se adecúa as “guías de funcións-valoracións, citadas no documento do 04.04.2024 (trámite 23 deste expediente electrónico 14692/407), sen prexuízo da necesidade de actualización das mesmas, en relación co conxunto dos postos da RPT deste Organismo Autónomo.

II.- Fundamentación de feito e de dereito.

II.1.- Competencia do Organismo Autónomo.

En relación coa regulación dos Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo (aprobados polo Pleno de 6.09.2010 e publicados no BOP de 6.10.2010), o seu artigo décimo cuarto expresa que este Organismo Autónomo dispón dos seguintes efectivos:

- a) Persoal funcionario de carreira do Concello de Vigo en réxime de adscrición.
- b) Persoal funcionario de carreira propio do organismo autónomo.
- c) Con carácter excepcional, persoal laboral fixo ou temporal

O artigo segundo dos citados Estatutos, no seu apartado 2º, determina que *“para o cumprimento das súas finalidades, goza de personalidade xurídica pública propia, capacidade xurídica, con patrimonio e tesourería propios, así como autonomía de xestión.”*

O apartado 3º deste artigo segundo dos Estatutos expresa que *“na súa calidade de administración pública, dentro da esfera das súas competencias e de conformidade co disposto no artigo 6 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, a Xerencia Municipal de Urbanismo ten as potestades administrativas propias seguintes”, entre elas: “a) Potestade de auto-organización”.*

II.2.- Órgano competente de aprobación.

O artigo terceiro, punto 8, dos Estatutos da Xerencia atribúe ó Concello a aprobación da relación de postos de traballo, que desde de acordo co artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local, é competencia da Xunta de Goberno Local.

O artigo décimo, punto 1, dos propios Estatutos da Xerencia establecen que *“correspóndelle ó Consello da Xerencia elevar ó Pleno ou á Xunta de Goberno Local propostas de*



CONCELLO DE VIGO

Expte.1705 /1102

resolución das seguintes materias: ...f) Proposta de aprobación...da relación de postos de traballo do organismo autónomo,...".

II.3.- Contido e tramitación.

O artigo 74 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aprobou a Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE nº 261 de 31.10.2015), establece que *"as Administracións Públicas estruturarán a súa organización a través de relacións de postos de traballo ou outros instrumentos organizativos similares que comprenderán, polo menos, a denominación dos postos, os grupos de clasificación profesional, os corpos e escalas, no seu caso, a que estean adscritos, os sistemas de provisión e as retribucións complementarias. Ditos instrumentos serán públicos"*.

O artigo 202 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia (DOG nº 82 de 04.05.2015 e BOE nº 123 de 23.05.2015), dentro do seu título X adicado a *"especialidades do persoal ó servizo das entidades locais"*, expresa:

1. As entidades locais deberán elaborar unha relación de postos de traballo que conteña todos os postos de traballo existentes nas mesmas.

2. A relación de postos de traballo, previo cumprimento dos trámites preceptivos que correspondan, será aprobada inicialmente polo órgano da entidade local que resulte competente segundo o establecido pola lexislación de réxime local e sometida a información pública por un prazo non inferior a vinte días. Transcorrido dito prazo, a aprobación elevarase a definitiva se non se formularon reclamacións, suxestións ou alegacións. En caso contrario, a relación de postos de traballo deberá ser obxecto de aprobación definitiva, previa resolución das reclamacións, suxestións ou alegacións presentadas.

3. Unha vez aprobada definitivamente, da relación de postos de traballo remitirase copia ós órganos competentes da Administración xeral do Estado e da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia dentro do prazo de trinta días, e será publicada integramente no boletín oficial da provincia.

De conformidade co artigo 3.3 do Real Decreto 128/2018, a modificación da relación de postos de traballo, require informe previo do Secretario, podéndose substituír por unha nota de conformidade sobre este informe xurídico e proposta (artigo 3.4 do propio RD 128/2018).

III.- Proposta.

En consecuencia co antedito, debendo ser previamente obxecto de informe de fiscalización pola Intervención, propónse ó Consello da Xerencia que eleve a seguinte proposta de acordo á Xunta de Goberno Local:

Primeiro.- Aprobado inicialmente a modificación da relación de postos de traballo (RPT) do Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo, de conformidade co catálogo de

postos que se achega como ANEXO, recollendo as modificacións descritas no apartado I deste informe-proposta.

Segundo.- Dispoñer a publicación de dita aprobación inicial no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, en cumprimento do previsto no artigo 202 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

- .- Aprobación do proxecto “Programa integrado de emprego do Concello de Vigo 2024/25” e solicitude de subvención á Concellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia . Expte. 20957/77.
- .- Expediente de contratación da subministración de mobiliario e equipamento para a Escola Infantil Municipal Santa Marta -Praza da Industria (Camiño do Chouzo 2). Expte. 97479/332.
- .- Fixación de prezos de venda de entradas da programación de espectáculos que se realizarán no Auditorio de Castrelos nos meses de xullo e agosto de 2024. Expte. 10163/335.
- .- Expediente de contratación da actuación artística de “UB 40” dentro do programa de espectáculos de verán de “Vigo en festas 2024”. Expte. 10150/335.
- .- Expediente de contratación da actuación artística de “Coral Casablanca” dentro do programa de espectáculos de verán de “Vigo en festas 2024”. Expte. 10156/335.
- .- Expediente de contratación da actuación artística de “Rigoletto” dentro do programa de espectáculos de verán de “Vigo en festas 2024”. Expte. 10158/335.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1705 /1102

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) os membros da Xunta de Goberno Local presentes manifestan non estar incurso en causa de incompatibilidade ni conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

16(517).- APROBACIÓN DO PROXECTO “PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO DO CONCELLO DE VIGO 2024/25” E SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONCELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA . EXPTE. 20957/77.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 03/07/2024, sométese a aprobación o informe-proposta do 02/07/2024, asinado pola técnica de administración xeral, e conformado pola concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I. No DOG. núm. 112, do 11 de xuño de 2024, publicouse a Orde do 28 de maio de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia e se convocan para o ano 2024 (código do procedemento TR332A).

II. En data 12 de xuño a Terceira Tenente de Alcalde e concelleira da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude, asinou a orde de inicio de expediente para tramitar a solicitude de subvención para o Programa Integrado de Emprego do Concello de Vigo 2024/25, durante os anos 2024 e 2025.

III. A concellaría da Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas, coa finalidade de favorecer e facilitar a inserción e reinserción laboral, mediante accións programadas e deseñadas para que as persoas desempregadas incrementen e melloren a súa empregabilidade e faciliten o seu acceso ao emprego, procede á preparación do Programa Integrado de Emprego do Concello de Vigo 2024/25, no que se fomenta o uso das novas tecnoloxías como base de novos servizos de apoio cos obxectivos de:

- Promover a inserción laboral das persoas beneficiarias, preferentemente persoas desempregadas de baixa cualificación e menores de 30 anos, así como desempregadas de longa duración, mulleres, inmigrantes e en risco de exclusión social e persoas beneficiarias do tramo de inserción da Risga, potenciando e reforzando a súa iniciativa cara á formación, fomentando a súa motivación cara unha cualificación con expectativas de emprego, proporcionándolles apoio e acompañamento na busca de emprego.
- Realizar accións para o emprego que faciliten e apoiem a busca individual de traballo das persoas beneficiarias do Programa con especial incidencia na mocidade e persoas desempregadas.
- Fomentar a participación dos colectivos en risco de exclusión en accións de orientación, información, formación, etc.
- Dotar ás persoas usuarias do Programa das estratexias, habilidades e destrezas necesarias a través das distintas accións do proxecto, para unha boa busca activa de emprego, incrementando a súa autonomía e motivación.
- Adoptar mecanismos adecuados ás necesidades persoais que permitan salvar obstáculos que dificultan a inserción laboral.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. O expediente ten por obxecto solicitar unha subvención á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia dacordo co proxecto que se presenta, denominado "Programa Integrado de Emprego do Concello de Vigo 2024/25".

II. En canto á competencia para actividade de fomento de emprego - que a Xunta de Goberno Local no seu acordo de data 9 de marzo de 2012 considerou que constitúe unha actividade prioritaria dentro desta Administración municipal en canto ao seu persoal beneficiario, e no marco de contextos económicos e sociais desfavorables - a Comunidade Autónoma de Galicia aprobou a Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que establece no seu artigo 3.3.d), a propósito das competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación, que non se entenderá como exercicio de novas competencias a concorrencia a convocatorias de subvencións ou axudas, así como a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións, para que as entidades locais realicen con carácter conxuntural actividades de información, de asesoramento, de orientación, de mellora da empregabilidade e formativas e máis outras actividades que non supoñan a creación de novos servizos municipais dacordo co artigo 297 da Lei 5/1997. Tampouco se entenderá como exercicio de novas competencias a realización das actividades citadas unha vez obtida a subvención, e no seu artigo 3.3.b), que non considera, entre outras, aos efectos do art. 7.4 LBRL, como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1705 /1102

II. O programa ten unha duración estimada de 12 meses cun inicio previsto para o mes de outubro de 2023, e cun total de 100 persoas participantes das que se prevé unha inserción do 40%.

III. O custo total estimado do proxecto é de **276.130,00 euros**, dos que o 77,88% corresponde á solicitude de subvención de **220.00,00€** e o 20,33% restante á cofinanciación municipal por un importe de **56.130,00 €**, que se financiará con cargo ás partidas (2410.1200000, 2410.1200100 2410.1200300, 2410.1200600, 2410.1210000, 2410.1210001, 2410.1210003, 2410.1210100, 2410.1210101, 2410.1210103 e 2410.1600000), de persoal adscrito ao desenvolvemento do proxecto polo que non é necesario a retención de crédito, sendo este importe superior ao previsto para a cofinanciación por parte do Concello de Vigo no proxecto.

IV. O órgano competente para a adopción do presente acordo é a Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención Xeral Municipal sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente para atender as obrigas de contido económico que derivan da subvención que se solicita.

Contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe a interposición de recurso de reposición ante o órgano que o dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

Por todo o anteriormente exposto, dacordo co informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal e segundo as instrucións da quinta tenente de alcalde e concelleira da Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas (Decreto de alcaldía de data 28/06/24), nos termos das delegacións competenciais efectuadas mediante Resolución Alcaldía do 28/06/24, elévase á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes ACORDOS:

1. Aprobar o proxecto denominado “Programa Integrado de Emprego do Concello de Vigo 2024/25”, elaborado polo Servizo de Emprego do Concello de Vigo, por un importe total de 276.130,00 €, dos que 220.000,00€ son o importe solicitado a subvencionar pola Xunta de Galicia e os restantes 56.130,00 €, son a financiar polo Concello de Vigo.

2. Solicitar á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia a subvención contemplada no citado proxecto, de acordo co establecido

na orde do 28 de maio de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego en Galicia, e se convocan para o ano 2024.

3. Asumir as obrigas económicas que ao Concello lle poidan corresponder no desenvolvemento do proxecto, mediante a dotación, nos presupostos municipais dos anos 2024 e 2025 das correspondentes partidas para o cofinanciamento deste proxecto.

4. Delegar na Quinta Tenente de Alcalde e concelleira da Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas, Ana María Mejías Sacaluga, a representación do Concello de Vigo na tramitación da solicitude de subvención diante da Consellaría de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(518).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE MOBILIARIO E EQUIPAMENTO PARA A ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL SANTA MARTA - PRAZA DA INDUSTRIA (CAMIÑO DO CHOUZO 2). Expte. 97479/332.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico do 28/06/2024 e o informe de fiscalización do 03/07/2024, sométese a aprobación o informe-proposta do 20/06/2024, asinado pola xefa do Servizo de Educación e conformado pola concelleira-delegada, a concelleira da Área de Goberno e o concelleiro da Área de de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data 17 de abril de 2024, a concelleira da Área de Goberno de Educación resolveu *“Iniciar o expediente administrativo para a contratación da subministración de mobiliario e equipamento para a Escola Infantil Municipal Santa Marta – Praza da Industria (camiño do Chouzo nº 2)”*.

No expediente tramitado ao efecto consta a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade da contratación asinado pola xefa do Servizo de Educación e pola concelleira delegada de Educación en data 17/04/2024.
- Resolución da concelleira da Área de Goberno de Educación de 17/04/2024, pola que se autoriza o inicio do expediente de contratación, conformada polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda.
- Declaración dos redactores do Prego técnico, do 10/106/2024.
- Prego de prescricións técnicas (PPT) de data 10/06/2024, redactado pola xefa do Servizo de Educación e polo arquitecto técnico aparellador, con 3 anexos.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1705 /1102

- Memoria Xustificativa de data 10/06/2024, redactada polo Servizo de Educación.
- Memoria Económica de data 10/06/2024, redactada polo Servizo de Educación e conformada pola concelleira delegada de Educación, pola concelleira da Área de Goberno de Educación e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda.
- Informe de data 20/06/2024 do Servizo de Contratación, sobre a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.
- Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) de data 20/06/2024, redactado polo Servizo de Contratación.

As características básicas do contrato, tal e como se indica na documentación que conforma o expediente, son as seguintes:

Obxecto: A adquisición de mobiliario e elementos accesorios de aulas, despachos e outras dependencias, e de mobiliario de cociña e despensa, así coma dos electrodomésticos necesarios para a posta en funcionamento da Escola Infantil Municipal Santa Marta – Praza da Industria, sita no Camiño do Chouzo 2, coas características que se indican no Prego de Prescricións Técnicas Particulares (PPTP). A subministración do mobiliario, accesorios e electrodomésticos incluírá a entrega e instalación de todo o equipamento que deberá quedar totalmente instalado e preparado para o seu uso.

Duración: 4 (catro) meses a partir da formalización do contrato; non se contemplan prórrogas.

Prezo: O prezo do contrato estímase en 72.587,90 euros (59.990,00 euros máis 12.597,90 euros en concepto de IVE a soportar pola administración), coa seguinte división por lotes: Lote 1: 49.525,30 euros / Lote 2: 23.062,60 euros.

Aplicación orzamentaria: 3230.625.0000 “Mobiliario EIM”.

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na Disposición adicional segunda parágrafo 4º da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP). A resolución, segundo o artigo 117 da LCSP, deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto.

A vista das anteriores circunstancias, e previo informes da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción dos seguintes acordos:

“1º.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto simplificado abreviado da subministración de mobiliario e equipamento para a Escola Infantil Municipal Santa Marta – Praza da Industria (Camiño do Chouzo nº 2).

2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas (e anexos) de data 10/06/2024 redactado polo Servizo de Educación, e o Prego de cláusulas administrativas particulares de data 20/06/2024 redactado polo Servizo de Contratación, que se inclúen no presente expediente, para esta contratación.

3º.- Aprobar o gasto por importe total de 72.587,90 euros IVE incluído, para a contratación da subministración , con cargo á aplicacións orzamentarias 3230.625.0000 (Mobiliario EIM) do vixente exercicio orzamentario do Servizo de Educación, coa seguinte división por lotes: Lote 1: 49.525,30 euros / Lote 2: 23.062,60 euros.

O valor estimado do contrato estipúlase en 59.990,00 euros (Lote 1: 40.930,00 euros / Lote 2: 19.060,00 euros).

4º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(519).- FIXACIÓN DE PREZOS DE VENDA DE ENTRADAS DA PROGRAMACIÓN DE ESPECTÁCULOS QUE SE REALIZARÁN NO AUDITORIO DE CASTRELOS NOS MESES DE XULLO E AGOSTO DE 2024. EXPTE. 10163/335.

Visto o informe de fiscalización do 04/07/2024, sométese a aprobación o Informe-proposta de data 03/07/2024, asinado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

A Concelleira da área de Seguridade, Contratación Festas e Xestión Municipal, resolveu con data do 11 de xuño de 2023 que polo Servizo de Festas se inicie o expediente necesario para fixar os de PREZOS DE VENDA DE ENTRADAS DA PROGRAMACIÓN DE ESPECTÁCULOS QUE SE REALIZARÁN NO AUDITORIO DE Castrelos NOS MESES DE XULLO E AGOSTO DE 2023, dacordo coas resolucións de Alcaldía de delegacións competencias de data 20/06/2023 e 28/06/2023 vixentes no momento da iniciación deste expediente, corresponde á Concelleira da área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal a competencia para resolver o inicio do expediente.

Segundo o apartado 1º do artigo 44 do TRLRFL “o importe dos prezos públicos deberá cubrir como mínimo o custo do servizo prestado ou da actividade realizada”.

No apartado 2º do citado precepto se establece que “cando existan razóns sociais benéficas, culturais ou de interese público que así o aconsellen, a entidade poderá fixar prezos públicos por baixo do límite previsto no apartado anterior. Nestes casos deberán consignarse nos orzamentos da entidade as dotacións oportunas para a cobertura da diferenza resultante se a houbese”. Neste caso existe unha partida na aplicación orzamentaria 3380.226.0906 (Festas de Vigo) dotada economicamente de xeito que permite realizar as contratacións correspondentes que aquí se detallan para poder cubrir esta diferenza resultante. Os expedientes de contratación das actuacións artísticas atópanse en tramitación.

O artigo 44 da Constitución Española establece que “os poderes públicos promoverán e tutelarán o acceso á cultura, á que todos teñen dereito”. Por outro lado e tras a reforma da Lei Básica do Réxime Local de 1985 efectuada pola Lei 27/2013, de 27 de



CONCELLO DE VIGO

Expte.1705 /1102

decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, figuran entre as competencias municipais propias a “promoción da cultura e os equipamentos culturais” (artigo 25.m).

Establecer un prezo de entrada que supoña como mínimo o custo da actividade tal e como establece a Lei Reguladora das Facendas Locais suporía afastar as cidadás e aos cidadáns da oportunidade de acceder á cultura, xa que implicaría establecer prezos moi elevados aos que non toda a poboación podería ter acceso.

Neste sentido cobra especial relevancia o apoio institucional ás actividades culturais e de esparexemento que o Concello de Vigo oferta na súa programación de actividades e espectáculos de festas, xa que debe ser un obxectivo fundamental de calquera institución a participación e acceso á cultura e motivar a realización e desenvolvemento das actividades culturais, físicas, artísticas e sociais, educación en valores (a través da programación familiar), así como facilitar o desenvolvemento de habilidades intelectuais e emocionais transmitidas a través das artes escénicas, capacidades e competencias sociais e culturais no ámbito da comunidade.

Por outro lado, e tendo en conta que o custo de organización desta programación é extraordinario, tal e como establece a ordenanza número 42 reguladora de prezos públicos, increméntanse as tarifas relacionadas nesta ordenanza en contía que non superará o custo calculado en base á ocupación total das localidades.

Así pois, os prezos propostos non superarían o custo calculado en base ao custo total do programa entre a ocupación total das localidades, segundo establece a ordenanza nº 42 reguladora dos prezos públicos pola prestación do servizo de organización de espectáculos no seu artigo 3.1.

As entradas serán postas á venda anticipadamente a través de internet e de forma presencial nas billeteiras habilitadas para este caso, para o cal estase tramitando o contrato do servizo de venda de entradas para os espectáculos e actividades do programa "vigo en festas" , exptes. nº 10136-335 e 10173-335.

Á vista do exposto, coa conformidade da Concelleira da área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal faise a seguinte,

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Fixar os **PREZOS DE VENDA DE ENTRADAS DA PROGRAMACIÓN DE ESPECTÁCULOS QUE SE REALIZARÁN NO AUDITORIO DE CASTRELOS NOS MESES DE XULLO E AGOSTO DE 2024**, de acordo coa ordenanza reguladora de prezos públicos nº 42, segundo o seguinte detalle:

| | Proposta artística | Data | Caché (sen iva) | Prezo proposto € | Aforo | Aforo x prezo |
|---|---------------------------|-------------|------------------------|-------------------------|--------------|----------------------|
| 1 | Dani Fernández | 13 de xullo | 100.000 € | 10 | 5000 | 50.000,00 € |
| 2 | Una Casita con Encanto | 17 de xullo | 14.990 € | 0 | 3000 | 0 |

| | | | | | | |
|----|----------------------------|--------------|-------------|----|------|---------------------|
| 3 | Coral Casablanca | 20 de xullo | 36.500 € | 0 | 2200 | 0 |
| 4 | Luis Fonsi | 23 de xullo | 203.000 € | 12 | 5000 | 60.000,00 € |
| 5 | Sen Senra | 25 de xullo | 96.500 € | 10 | 5000 | 50.000,00 € |
| 6 | Las Orejas de Mariposa | 31 de xullo | 8.275 € | 0 | 3000 | 0 |
| 9 | Luz Casal | 2 de agosto | 138.500 € | 10 | 5000 | 50.000,00 € |
| 10 | Aitana | 3 de agosto | 650.000 € | 15 | 5000 | 75.000,00 € |
| 11 | La Cajita de los Sueños | 5 de agosto | 14.690 € | 0 | 3000 | 0 |
| 12 | UB40 | 7 de agosto | 240.800 € | 15 | 5000 | 75.000,00 € |
| 13 | Rigoletto | 9 de agosto | 40.300 € | 0 | 2200 | 0 |
| 14 | Cantajuegos | 12 de agosto | 38.100 € | 0 | 3000 | 0 |
| 15 | Victor Manuel Sinfónico | 14 de Agosto | 170.000 € | 12 | 2200 | 26.400,00 € |
| 16 | Vetusta Morla + Xoel López | 16 de Agosto | 275.000 € | 15 | 5000 | 75.000,00 € |
| 17 | Melendi | 17 de Agosto | 290.000 € | 15 | 5000 | 75.000,00 € |
| | | | 2.316.655 € | | | 536.400,00 € |

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(520).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA ACTUACIÓN ARTÍSTICA DE “UB 40” DENTRO DO PROGRAMA DE ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE “VIGO EN FESTAS 2024”. EXPTE. 10150/335.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico e o informe de fiscalización, ambos do 04/07/2024, sométese a aprobación o informe-proposta da mesma data, asinado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Mediante resolución do 14 de maio de 2024, a concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal resolveu iniciar o expediente de



CONCELLO DE VIGO

Expte.1705 /1102

contratación do espectáculo do artista "UB40" dentro dos ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2024"

Segundo.- No expediente tramitado para o efecto consta a seguinte documentación:

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), coa resolución da concellería delegada que inicia o expediente (artigo 116 LCSP), de data 14 de maio de 2024.
- Este contrato está incluído no Plan anual de contratación do Concello de Vigo para o exercicio 2024, aprobado pola Xunta de Goberno local na sesión do 29 de decembro de 2024 e publicado no perfil de contratante, dentro do obxecto contractual "Servizo de contratación de actuacións artísticas singulares para "Vigo en Festas 2024".
- O 25 de outubro de 2023 publicouse na Plataforma de Contratación do Estado unha "Convocatoria pública de propostas de actuacións artísticas ou espectáculos para o auditorio de Castrelos no verán 2024", no marco do expediente 9960-335. O resultado desta primeira selección de propostas atópase recollido na acta do 31 de xaneiro de 2024.
- En data 12 de febreiro de 2024 publicouse unha segunda "Convocatoria pública de propostas de actuacións artísticas ou espectáculos para o auditorio de Castrelos no verán 2024" no perfil de contratante do Concello de Vigo. A selección de artistas resultante tras a segunda convocatoria recolleuse na acta de 5 de abril de 2024.
- En data 26 de abril realizouse a selección de artistas definitiva. Entre as propostas seleccionadas consta a do artista UB40.
- Consta acreditado no expediente que D. Gary Howard é o representante de "UB40 Featuring Ali Campbell", segundo consta en escrito de 1 de xullo asinado polo propio artista Ali Campbell. Consta acreditado así mesmo que D. Gary Howard, na súa cualidade de representante, cede os dereitos de exclusiva para a celebración do espectáculo de UB40 no auditorio de Castrelos o día 7 de agosto de 2024 a D. Carlos Goyarrola Ispizua en documento asinado en data 22 de abril de 2024. A súa vez, consta acreditado así mesmo, D. Carlos Goyarrola Ispizua cede os dereitos para esta actuación a ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO, S.L. (B27786045), en documento de data 18 de abril de 2024.
- Prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 LCSP), de data 20 de maio de 2024.

- Declaración de neutralidade do redactor do prego de prescricións técnicas, de data 16 de maio de 2024.
- Memoria económica de data 14 de maio de 2024, relativa aos seguintes extremos:
 - Xustificación do prezo do contrato, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) aos que fai referencia o artigo 102 LCSP.
 - Xustificación de que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).
 - Forma de aboamento do prezo (artigo 67.2ñ do RLCAP).
- Retención de crédito de data 16 de maio de 2024 (operación nº 12024000090519-RC-).
- Memoria xustificativa, de data 2 de xullo de 2024, relativa aos seguintes extremos:
 - A xustificación do procedemento elixido (artigo 116.4 LCSP).
 - Xustificación da non división do contrato en lotes (artigo 99.3 da LCSP) e, no seu caso, a xustificación do establecemento de limitacións aos licitadores (artigo 99.4 da LCSP).
 - Xustificación do prazo de duración dos contratos e de execución da prestación (artigo 29 LCSP)
 - Xustificación da solvencia que se esixirá aos licitadores entre os medios previstos nos artigos 87 a 91 LCSP.
 - Xustificación da elección dos criterios de adxudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP); así como a xustificación das fórmulas de valoración (artigo 146.2LCSP).
 - Xustificación da non fixación dos criterios para a consideración de ofertas anormalmente baixas (só cando son distintos aos previstos con carácter xeral nos pregos ou ben no RLCAP).
 - Lugar de entrega do servizo obxecto do contrato (artigo 67,5.f e 67.7.e RLCAP).
- Prego de cláusulas administrativas particulares (artigo 116.3 LCSP), de data 4 de xullo de 2024.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP iniciárase polo órgano de contratación. Por resolucións de Alcaldía de delegacións competenciais de data 20/06/2023 e 28/06/2023 e 28/06/2024 vixentes no momento da iniciación deste expediente, corresponde á Concelleira da área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal o inicio do expediente.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1705 /1102

Segundo.- No expediente consta, tal e como prevé o artigo 116.3 do LCSP, o prego de prescricións técnicas particulares e o prego de cláusulas administrativas particulares redactados pola xefa da Área de Contratación Novos Proxectos.

Terceiro.- O procedemento elixido para a contratación é o procedemento negociado sen publicidade, por canto, de acordo co artigo 168.a 2º LCSP, por motivos relacionados coa protección de dereitos de exclusiva o contrato só pode encomendarse a un empresario determinado.

Consta acreditado no expediente que D. Gary Howard é o representante de “UB40 Featuring Ali Campbell”, segundo consta en escrito de 1 de xullo asinado polo propio artista Ali Campbell. Consta acreditado así mesmo que D. Gary Howard, na súa cualidade de representante, cede os dereitos de exclusiva para a celebración do espectáculo de UB40 no auditorio de Castrelos o día 7 de agosto de 2024 a D. Carlos Goyarrola Ispizua en documento asinado en data 22 de abril de 2024. A súa vez, consta acreditado así mesmo, D. Carlos Goyarrola Ispizua cede os dereitos para esta actuación a ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO, S.L. (B27786045), en documento de data 18 de abril de 2024.

Cuarto.- Con carácter previo á aprobación do expediente, emitirase informe preceptivo da titular da Asesoría Xurídica (Disposición Adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 da LCSP).

Quinto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (Disposición Adicional 2ª.4 da LCSP). A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto (artigo 117.1 LCSP).

PROPOSTA

Por todo o exposto, e previo informe xurídico favorable e de fiscalización da Intervención Xeral de conformidade co previsto no artigo 116.3 da LCP, e o documento contable, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

“Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento negociado sen publicidade e tramitación ordinaria para a contratación do espectáculo do artista “UB40” dentro dos ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2024”.

Segundo: Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares do 20 de maio de 2024 e o prego de cláusulas administrativas particulares do 4 de xullo de 2024, redactados pola xefa da Área de Contratación Novos Proxectos.

Terceiro: Autorizar o gasto por importe de 291.368,00 euros, sendo o valor estimado do contrato de 240.800,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.0906 (Festas de Vigo) do programa orzamentario do Servizo de Festas, para o vixente exercicio económico.

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(521).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA ACTUACIÓN ARTÍSTICA DE “CORAL CASABLANCA” DENTRO DO PROGRAMA DE ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE “VIGO EN FESTAS 2024”. EXPTE. 10156/335.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico e o informe de fiscalización, ambos do 04/07/2024, sométese a aprobación o informe-proposta da mesma data, asinado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Mediante resolución do 27 de maio de 2024, a concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal resolveu iniciar o expediente de contratación do espectáculo da “CORAL CASABLANCA” dentro dos ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2024”



CONCELLO DE VIGO

Expte.1705 /1102

Segundo.- No expediente tramitado para o efecto consta a seguinte documentación:

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), coa resolución da concellería delegada que inicia o expediente (artigo 116 LCSP), de data 27 de maio de 2024.
- Este contrato está incluído no Plan anual de contratación do Concello de Vigo para o exercicio 2024, aprobado pola Xunta de Goberno local na sesión do 29 de decembro de 2024 e publicado no perfil de contratante, dentro do obxecto contractual "Servizo de contratación de actuacións artísticas singulares para "Vigo en Festas 2024".
- O 25 de outubro de 2023 publicouse na Plataforma de Contratación do Estado unha "Convocatoria pública de propostas de actuacións artísticas ou espectáculos para o auditorio de Castrelos no verán 2024", no marco do expediente 9960-335. O resultado desta primeira selección de propostas atópase recollido na acta do 31 de xaneiro de 2024.
- En data 12 de febreiro de 2024 publicouse unha segunda "Convocatoria pública de propostas de actuacións artísticas ou espectáculos para o auditorio de Castrelos no verán 2024" no perfil de contratante do Concello de Vigo. A selección de artistas resultante tras a segunda convocatoria recolleuse na acta de 5 de abril de 2024.
- En data 26 de abril realizouse a selección de artistas definitiva. Entre as propostas seleccionadas consta a do artista "CORAL CASABLANCA".
- Consta acreditado no expediente que D. Ignacio Pérez Amoedo, na súa cualidade de presidente da Fundación Coral Casablanca ostenta a condición de representante do artista "CORAL CASABLANCA", tal e como se desprende da escritura outorgada ante o notario D. Fernando Olmedo Castañeda, de data 24 de outubro de 2012; e do certificado de inscrición no rexistro de Fundacións de Interese Galego. Así mesmo, queda acreditado que, na súa cualidade de representante, cede os dereitos de exclusiva para a realización do concerto do artista no Auditorio de Castrelos o 20 de xullo de 2024 a ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, S.L.U., en escrito de data 3 de xullo de 2024.
- Prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 LCSP), de data 4 de xuño de 2024.
- Declaración de neutralidade do redactor do prego de prescricións técnicas, de data 4 de xuño de 2024.
- Memoria económica de data 28 de maio de 2024, relativa aos seguintes extremos:

- Xustificación do prezo do contrato, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) aos que fai referencia o artigo 102 LCSP.
 - Xustificación de que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).
 - Forma de aboamento do prezo (artigo 67.2ñ do RLCAP).
- Retención de crédito de data 31 de maio de 2024 (operación nº 12024000099152-RC-).
- Memoria xustificativa, de data 3 de xullo de 2024, relativa aos seguintes extremos:
- A xustificación do procedemento elixido (artigo 116.4 LCSP).
 - Xustificación da non división do contrato en lotes (artigo 99.3 da LCSP) e, no seu caso, a xustificación do establecemento de limitacións aos licitadores (artigo 99.4 da LCSP).
 - Xustificación do prazo de duración dos contratos e de execución da prestación (artigo 29 LCSP)
 - Xustificación da solvencia que se esixirá aos licitadores entre os medios previstos nos artigos 87 a 91 LCSP.
 - Xustificación da elección dos criterios de adxudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP); así como a xustificación das fórmulas de valoración (artigo 146.2LCSP).
 - Xustificación da non fixación dos criterios para a consideración de ofertas anormalmente baixas (só cando son distintos aos previstos con carácter xeral nos pregos ou ben no RLCAP).
 - Lugar de entrega do servizo obxecto do contrato (artigo 67,5.f e 67.7.e RLCAP).
- Prego de cláusulas administrativas particulares (artigo 116.3 LCSP), de data 3 de xullo de 2024.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP iniciárase polo órgano de contratación. Por resolucións de Alcaldía de delegacións competenciais de data 20/06/2023, 28/06/2023 e 28/06/2024 vixentes no momento da iniciación deste expediente, corresponde á Concelleira da área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal o inicio do expediente.

Segundo.- No expediente consta, tal e como prevé o artigo 116.3 do LCSP, o prego de prescricións técnicas particulares e o prego de cláusulas administrativas particulares redactados pola xefa da Área de Contratación Novos Proxectos.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1705 /1102

Terceiro.- O procedemento elixido para a contratación é o procedemento negociado sen publicidade, por canto, de acordo co artigo 168.a 2º LCSP, por motivos relacionados coa protección de dereitos de exclusiva o contrato só pode encomendarse a un empresario determinado.

Consta acreditado no expediente que ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, S.L. (B27786045), tal e como se puxo de releve nos antecedentes, ostenta os dereitos de exclusiva para a realización de este concerto.

Cuarto.- Con carácter previo á aprobación do expediente, emitirase informe preceptivo da titular da Asesoría Xurídica (Disposición Adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 da LCSP).

Quinto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (Disposición Adicional 2ª.4 da LCSP). A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto (artigo 117.1 LCSP).

PROPOSTA

Por todo o exposto, e previo informe xurídico favorable e de fiscalización da Intervención Xeral de conformidade co previsto no artigo 116.3 da LCP, e o documento contable, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

“Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento negociado sen publicidade e tramitación ordinaria para a contratación do espectáculo da “CORAL CASABLANCA” dentro dos ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2024”.

Segundo: Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares do 04 de xuño de 2024 e o prego de cláusulas administrativas particulares do 03 de xullo de 2024, redactados pola xefa da Área de Contratación Novos Proxectos.

Terceiro: Autorizar o gasto por importe de 44.165,00 euros, sendo o valor estimado do contrato de 36.500,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.0906 (Festas de Vigo) do programa orzamentario do Servizo de Festas, para o vixente exercicio económico.

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

21(522).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA ACTUACIÓN ARTÍSTICA DE “RIGOLETTO” DENTRO DO PROGRAMA DE ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE “VIGO EN FESTAS 2024”. EXPTE. 10158/335.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico do 03/07/2024 e o informe de fiscalización do 04/07/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 03/07/2024, asinado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Mediante resolución do 28 de maio de 2024, a concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal resolveu iniciar o expediente de contratación do espectáculo da “OPERA RIGOLETTO - COMPAÑIA LA OPERAMORE” dentro dos ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2024”

Segundo.- No expediente tramitado para o efecto consta a seguinte documentación:

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), coa resolución da concellería delegada que inicia o expediente (artigo 116 LCSP), de data 28 de maio de 2024.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1705 /1102

- Este contrato está incluído no Plan anual de contratación do Concello de Vigo para o exercicio 2024, aprobado pola Xunta de Goberno local na sesión do 29 de decembro de 2024 e publicado no perfil de contratante, dentro do obxecto contractual "Servizo de contratación de actuacións artísticas singulares para "Vigo en Festas 2024".
- O 25 de outubro de 2023 publicouse na Plataforma de Contratación do Estado unha "Convocatoria pública de propostas de actuacións artísticas ou espectáculos para o auditorio de Castrelos no verán 2024", no marco do expediente 9960-335. O resultado desta primeira selección de propostas atópase recollido na acta do 31 de xaneiro de 2024.
- En data 12 de febreiro de 2024 publicouse unha segunda "Convocatoria pública de propostas de actuacións artísticas ou espectáculos para o auditorio de Castrelos no verán 2024" no perfil de contratante do Concello de Vigo. A selección de artistas resultante tras a segunda convocatoria recolleuse na acta de 5 de abril de 2024.
- En data 26 de abril realizouse a selección de artistas definitiva. Entre as propostas seleccionadas consta a da ópera "RIGOLETTO".
- Consta acreditado no expediente que D. Pedro Moncloa Marco, en representación da Compañía de Artes Escénicas y Musicales L`OPERAMORE S.L., cede os dereitos para a actuación artística da ópera RIGOLETTO o día 9 de agosto de 2024 en Castrelos a Producciones Teatrales Algoquín, S.L. (nombre comercial de Sketch Eventos), en documento de data 6 de febreiro de 2024. A súa vez, consta acreditado que D. Pedro Moncloa Marco é o administrador único de L`OPERAMORE S.L, en escritura de constitución da sociedade, outorgada ante o notario D. Tomás Pérez Ramos, en data 24 de maio de 2022.
- Prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 LCSP), de data 4 de xuño de 2024.
- Declaración de neutralidade do redactor do prego de prescricións técnicas, de data 4 de xuño de 2024.
- Memoria económica de data 29 de maio de 2024, relativa aos seguintes extremos:
 -
 - Xustificación do prezo do contrato, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) aos que fai referencia o artigo 102 LCSP.
 - Xustificación de que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).
 - Forma de aboamento do prezo (artigo 67.2ñ do RLCAP).

- Retención de crédito de data 31 de maio de 2024 (operación nº 12024000099153-RC-).
- Memoria xustificativa, de data 3 de xullo de 2024, relativa aos seguintes extremos:
 - A xustificación do procedemento elixido (artigo 116.4 LCSP).
 - Xustificación da non división do contrato en lotes (artigo 99.3 da LCSP) e, no seu caso, a xustificación do establecemento de limitacións aos licitadores (artigo 99.4 da LCSP).
 - Xustificación do prazo de duración dos contratos e de execución da prestación (artigo 29 LCSP)
 - Xustificación da solvencia que se esixirá aos licitadores entre os medios previstos nos artigos 87 a 91 LCSP.
 - Xustificación da elección dos criterios de adxudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP); así como a xustificación das fórmulas de valoración (artigo 146.2LCSP).
 - Xustificación da non fixación dos criterios para a consideración de ofertas anormalmente baixas (só cando son distintos aos previstos con carácter xeral nos pregos ou ben no RLCAP).
 - Lugar de entrega do servizo obxecto do contrato (artigo 67,5.f e 67.7.e RLCAP).
- Prego de cláusulas administrativas particulares (artigo 116.3 LCSP), de data 3 de xullo de 2024.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP iniciárase polo órgano de contratación. Por resolucións de Alcaldía de delegacións competenciais de data 20/06/2023 e 28/06/2023 vixentes no momento da iniciación deste expediente, corresponde á Concelleira da área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal o inicio do expediente.

Segundo.- No expediente consta, tal e como prevé o artigo 116.3 do LCSP, o prego de prescricións técnicas particulares e o prego de cláusulas administrativas particulares redactados pola xefa da Área de Contratación Novos Proxectos.

Terceiro.- O procedemento elixido para a contratación é o procedemento negociado sen publicidade, por canto, de acordo co artigo 168.a 2º LCSP, por motivos relacionados coa protección de dereitos de exclusiva o contrato só pode encomendarse a un empresario determinado.

Consta acreditado no expediente que Producciones Teatrales Algoquín, S.L. (nombre comercial de Sketch Eventos), tal e como se puxo de releve nos antecedentes, ostenta os dereitos de exclusiva para a realización de este concerto.

Cuarto.- Con carácter previo á aprobación do expediente, emitírase informe preceptivo da titular da Asesoría Xurídica (Disposición Adicional 3ª.8 da LCSP), así



CONCELLO DE VIGO

Expte.1705 /1102

como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 da LCSP).

Quinto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (Disposición Adicional 2ª.4 da LCSP). A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto (artigo 117.1 LCSP).

PROPOSTA

Por todo o exposto, e previo informe xurídico favorable e de fiscalización da Intervención Xeral de conformidade co previsto no artigo 116.3 da LCP, e o documento contable, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

“Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento negociado sen publicidade e tramitación ordinaria para a contratación do espectáculo da “OPERA RIGOLETTO - COMPAÑIA LA OPERAMORE” dentro dos ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2024”.

Segundo: Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares do 04 de xuño de 2024 e o prego de cláusulas administrativas particulares do 03 de xullo de 2024, redactados pola xefa da Área de Contratación Novos Proxectos.

Terceiro: Autorizar o gasto por importe de 48.763,00 euros, sendo o valor estimado do contrato de 40.300,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.0906 (Festas de Vigo) do programa orzamentario do Servizo de Festas, para o vixente exercicio económico.

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

22(523).- ROGOS E PREGUNTAS.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás dez horas e quince minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/if.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez